

FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO

EDUARDO BLANCO AMOR

ESCOLMA DE TEXTOS



Caricatura de siro.

PUBLICACIÓNS DA REAL ACADEMIA GALEGA
A CORUÑA
1993

EMIA

NA

87

ca

REAL ACADEMIA
GALEGA
A CORUÑA

32787

Biblioteca

FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO

EDUARDO BLANCO AMOR

ESCOLMA DE TEXTOS



PUBLICACIÓNS DA REAL ACADEMIA GALEGA
A CORUÑA
1993



Biblioteca

Portada:
Caricatura de Siro.



Biblioteca



EDUARDO BLANCO AMOR
(1897 - 1979)

E. Blanco-Amor



Eduardo Blanco Amor



Real Academia Española

EDUARDO BLANCO AMOR
(1892 - 1982)

Eduardo Blanco Amor

LMIAK

NO LUGAR NATAL

Eduardo Blanco Amor, a quen este ano se lle adica o "Día Das Letras Galegas", naceu en Ourense o 15 de setembro do 1897. Pasou Blanco Amor a súa infancia e primeira adolescencia, na cidade natal. Era esta entón, predominantemente campo, centro dunha comarca rural. Mantiña aínda a localidade os aspectos pintorescos, interesantes, das rúas antigas, das bellas prazas. Tamén moitas notas da vedraña ruralía. Nalgunhas zonas as tascas eran abondosas e enchíanse todas en horas determinadas. Alentábase, asimesmo, en círculos minoritarios, un aire de cultura refinada.

O escritor viviu, nos tempos da nenez e da mocidade, o ambiente popular da cidade. Pero, simultaneamente, comezou a sentir debezos polo mundo das letras. Por mor diso, achegouse ao cenáculo que protagonizaban daquela, Vicente Risco, Otero Pedrayo, Cuevillas.... Gostaba de asistir ás tertulias literarias, e de concurrir, como ouvinte, aos cursos que se dispensaban na Escola Normal de Maestros, e no Instituto de Segundo Ensino. Os contactos cos medios intelectuais, orientárono a facer lecturas apaixonadas das novidades que se estaban a producir nas letras foráneas da época.

De todo isto obtivo beneficio Blanco Amor, segundo propia confesión. Na cátedra aberta do "Café Royalti", nas longas paseatas polas estradas á raxeira do sol, compraciábase en escoitar as palabras ilustradoras de Vicente Risco. Ademais das conversas de tertulia e das leccións peripatéticas, influíu notablemente nel a revista neosófica "La Centuria", que encetou a súa andadura en Ourense alá polo ano 1917. Nas súas páxinas bebeu cobizosamente o adolescente. Impresionárono, sobre todo, os poetas simbolistas, a través das traducións que nela se facían.

Lembrou varias veces o escritor, que entre os primeiros alabamentos da súa soterrada vocación literaria, contouse a que lle forneceu o texto dos "Preludios a toda estética futura". Un texto que escribira Vicente Risco en prosa castelá. A par desta lectura, sumáronse as de "Les fleurs du mal", a dos contos de Pöe e da novelística de Flaubert, que lle aconsellara Primitivo R. Sanjurjo.

Nembargante, as circunstancias do vivir no lugar natal, non daban coberto as aspiracións que o mozo anceiaba cubrir. Resolveu así tentar a aventura migratoria. Xa con certo bagaxe cultural, colleu un barco con rumbo a Buenos Aires. Despois de desembarcar, púxose a exercer de pri-

meiras diversos oficios. Pero non tardou en se introducir na vida do xornalismo, que tanto tiraba del.

Seguindo os consellos de Vicente Risco, convertiuse axiña Blanco Amor en embaixador das "Irmandades da Fala" no mundo emigrado dos países do Plata. Este seguimento faría que a súa galegitude inicial se fose trocando nunha orientación activista no medio migratorio. Mantiñose fiel á tradición da cultura galega, no ambiente cosmopolita da cidade bonaerense. Nela veu ser, xa que logo, un produto da nosa emigración como tantos outros.

A FASE MIGRATORIA

Non demorou en se acusar a súa presenza nas diversas publicacións arxentinas da década dos vinte. Foi redactor do xornal "La Nación", articulista, e corresponsal viaxeiro. Colaborou simultaneamente en canta publicación ou acto cultural que enaltecese a Galicia, propiciaban os emigrantes galegos. A primeira conferencia que dixo, dictouna na "Casa de Galicia", co título de "Los derechos espirituales de la nueva Galicia". Por ese tempo encetou a súa colaboración na revista "Nós", que se editaba en Ourense. Incorporouse tamén á redacción de "El Correo de Galicia", encargándose da páxina consagrada á cultura galega.

Sen embargo, quizais o máis significativo da actividade periodística de Blanco Amor, ao servizo do seu país, rexistrouse en "El despertar gallego", e nas revistas "Céltiga" e "Terra". Esta última foi a primeira escrita totalmente en galego na Arxentina. Imitaba en certo xeito á ouresá "Nós", ao tempo que mantiña o ideario da "Irmandade Nacionalista" en América do Sur. "Céltiga", pola súa banda, sobranceaba na emigración con altura intelectual. Nela desenvolveu o escritor unha interesante xeira de temas galegos. En artigos da súa autoría e en editoriais firmados, teimou nos motivos político-culturais do país orixinario.

Contou Blanco Amor en certa ocasión, que fora a Buenos Aires como un paracaidista. Sempre tivera o baúl baixo o leito, para voltar en calquera momento. Cambiou, porén, moito de baúl, porque permaneceu alí durante coarenta e cinco anos. Pesie a todo, afirmaba que sentía grande ledicia de ter estado nunha das cidades máis cultas do mundo.

Ademais do labor xornalístico, tan intenso, desenvolto en terras do Plata, o escritor ourensán andou unha chea de camiños como corresponsal viaxeiro de "La Nación" bonarense. A vocación de cronista viaxeiro, reflexada durante as andaduras por cidades e paíxases hispánicas, completouna máis tarde por diversos países sudamericanos. Percorreu, como mensaxeiro cultural, localidades uruguaias, chilenas, venezolanas, peruanas, ecuatorianas, colombianas, exercendo de conferenciante, e de profe-

sor de universidades de Verán. A parte fundamental destas viaxatas centrouna en Chile. Escribiu entón para a revista "La Hora" as impresións que lle produciran os percorridos polo país. Estas impresións recolleunas máis tarde no volume *Chile a la vista*.

Despois de case medio século de permanencia no mundo ultramarino, o escritor comenzo a lle dar novas voltas ao soño de regresar a Galicia. Chegou, ao cabo, ese acariñado momento. Xa sexaxenario, puido cumprir o desexo de se reintegrar definitivamente á terra natal. Logo de arribar a ela, andou durante algún tempo desnortado, sen saber en que localidade galega ía asentarse. Viviu en Ourense, circunstancialmente en Madrid e Barcelona, de remate en Vigo.

Decorron así os últimos anos de existencia de Eduardo Blanco Amor. Unha doenza cardiaca que viña padecendo, mirraba día a día as súas forzas. Ía esmorecendo de a pouco nos seus azos. Decatábase de que xa non alentaban nel os proxectos literarios que tanto o animaran na súa vida creadora. Así, no amencer do día primeiro de decembro do 1979, produciuse o seu pasamento na cidade viguesa. Os seus restos foron soterrados despois no cemiterio de San Francisco, da cidade na que naceu e viviu.

OBRA POETICA

Fóra dos artigos iniciais que andou a publicar en xornais e revistas, Blanco Amor revelouse no mundo das letras galegas como poeta. Colaborou desde moi cedo con diversas publicacións. Pero foi alá polo ano 1928 cando editou o primeiro libro. Saíu do prelo en Buenos Aires, e levaba como título *Romances galegos*. Afloraban no volume certos ecos do romanceiro español, pero embebidos dunha estética modernista. Recoillía tamén determinados influxos da poesía de Amado Carballo.

O propio poeta consideraba que a súa poesía en lingua galega atopábase situada entre a dos anovadores do xénero na segunda década dos vinte: Amado Carballo, Manuel Antonio, Fermín Bouza Brey, principalmente. Mais ese anovamento recoillía tamén, no caso dos seus romances, o herdo de Valle-Inclán.

Posteriormente, no ano 1931, publicou un segundo libro poético co título de *Poema en catro tempos*. Veu ser a xeito dunha sinfonía que remataba nunha marcha fúnebre. En certa maneira, reflexábase nel un acento de vangarda. Pero no ritmo, na idea, no espírito, traslocía unha esencia menos avanzada: A esencia dun aboengo lírico que enchoupaba na tradición da poesía galega.

Falando das súas composicións na nosa fala, gostaba de decir o autor, que os *Romances galegos* eran todos de impronta rosaliana. Entendía que

aínda que apareceran en libro con posterioridade ao *Proel* de Amado Carballo, foran escritos en días anteriores á publicación deste volume. Decía que os poemas que máis lle compracían dos inxeridos na obra primeira, eran "Raid" e "Romance a un amor lonxano". Por outra banda, de *Poema en catro tempos*, os que prefería eran "Adagio sostenuto" e "Marcha fúnebre".

Teimaba unha e outra vez o escritor, en que o seu labor de poeta viña de vello. En troque, a tarefa narrativa foi máis serodia. Pero considerando que antes de a encetar, empregara o idioma galego para o ensaio e a prosa periodística. Era, nefeito, fundamentalmente poeta antes do ano 36, pesie a facer algúns escarceos no xénero narrativo.

Carballo Calero sostivo que os poemas blancoamorianos estaban na liña do modernismo, con algunha nota neorrománica ou vangardista. Con todo, nos *Romances galegos* hai que suliñar o xa dito: Certos ecos do romanceiro español reflexados nunha estética modernista. E, xa que logo, determinados vencellos coa lírica de Amado Carballo.

O último volume de poesía de Eduardo Blanco Amor, editouse moito tempo despois de aparecer os devanditos. Titulouno *Cancioneiro*, e saíu do prelo no ano 1956. Recolleu nel unha serie de vivencias líricas que se mantiñan, máis ou menos, na liña que trazara nos poemarios precedentes. A presenza corpórea da terra galega, reflexouna no tempero espiritual, e mesmo na gramática metafórica empregada. Unha presenza ensoñada, xa que o autor seguía a vivir daquela fóra da Galicia natal.

Na "Xustificación" que acompañou ao *Cancioneiro*, falaba da forza do telúrico e sentimental na poesía galega. Declaraba tamén escasa simpatía pola poesía arraizada no intelectual máis que no patético. Ou seña, que gostaba pouco dunha poesía alonxada da natureza, da paisaxe.

O NARRADOR

Ensaíou Blanco Amor o xénero novelístico nun texto inconcluso publicado na revista "Nos", co epígrafe de *A escadeira de Xacob*. Pero o primeiro libro que deu a coñecer como narrador foi *La catedral y el niño*. Unha longa novela esta, editada no 1948, mais escrita en lingua castelá. Decorrerían desde entón dez anos, ata que apareceu a que tirou do prelo, na nosa fala, co título de *A esmorga*. Trátase dunha obra de singular feitiño, dentro da narrativa en idioma galego.

Ven ser un relato da vida real, desenvolvido nos barrios dunha cidade do país noso. A acción decorre, nefeito, nun arrabalde ourensán, onde remataba o recinto urbano e comezaba o mundo arcádico da aldea. O libro está escrito con certa obxectividade, como retocando o retrato da-

quel ambiente, daqueles tipos, ata refrexalos no seu perfil como sombras chinesas. O estilo da narración é ríspido, duro. Nembargante, por entre as súas regandixas asoma unha soave ternura. O autor escarabellou no reprege dunhas almas atormentadas polo esbarato alcólico, aínda que precurándolles nordes evasivos na nota humorística. Con todo, por riba dos seres que vermean no libro, amósase o xogo dramático da fatalidade.

Descóbrese na breve novela un acento que ten algo que ver ca novela negra norteamericana. Mais, en calquera caso, hai nela un acento de orixinalidade. Asemade, un xeito de prantexamento técnico, sen precedentes na creación narrativa expresada en lingua galega.

Un lustro despois de se editar *A esmorga*, publicou Blanco Amor un novo volume como narrador. Neste caso, de pequenos relatos. En concreto, un libro de contos, que saíu do prelo no 1964, co título de *Os biosbardos*. Cada un dos nove que o compoñen está escrito en primeira persoa. Os nenos que neles figuran, son nenos descubridores e rebeldes. Amósanse abertos a unha vida que comenza. Revélanse espilidos para se enteirar de tódolos coñecementos: Desde o sexo ao traballo, desde a relixión á maxia.

A través das lembranzas de infancia duns narradores de incerto futuro, retrátase unha sociedade. Tamén unha forma de olla-lo mundo, veada pola pobreza e certo desencanto. Ao cabo, estes contos son contos de aprendizaxe en vías de o adeprender todo. Páxina a páxina vaise descubrindo a pobreza, a hipocresía, o sexo, o traballo, a violencia... Tras da poesía que encobre o mundo dos biosbardos, adviñase unha frustración, un desencanto previo á escritura. Un algo que, respetando a ilusión dos protagonistas, contrasta co marcado, e só suposto, futuro degradado, exiliado, triste.

No ano 1973 publicou Blanco Amor a súa última obra narrativa: A novela longa *Xente ao lonxe*. A súa trama ofrece unha visión ensombriada da cidade de Ourense, dos seres vivos que poboaban as súas casas, as súas rúas. Os protagonistas están tirados do mundo popular, mesteiral. Hai no relato así como unha alternancia de naturalismo crú co contracanto dos sonhos, por veces non menos témeros ca realidade. Despois, o que podería significarse como estrutura aberta ao tratamento do tempo e do espacio, partindo dos interesados puntos de vista do "narrador".

A cidade que este redescobre nas páxinas da novela, ven ser unha cidade que, en moitas ocasións, aparece mergullada na cotra e no desleixo. Mesmamente para amosar desde as súas derrrotas ás criaturas apreixadas en cadeas de costumes e de angurias. O persoaxe principal é un rapaz que cuestiona os datos da súa vida familiar e os aviscos do presente. A carón del, outras figuras cobran arnaxe de seu, a través de feitos e ambientes axeitadamente deseñados. Polo demais, cabería sinalar que as cousas que o protagonista lembra ou coñece, como as persoas coas que trata, foron postas impiedosamente no nivel dun certo tipo de literatura sarcástica.

AUTOR TEATRAL

Non foi só poeta e narrador nos eidos da creación literaria, o escritor ourensán. Cultivou tamén o teatro, e mesmo exerceu como director escénico. Escribiu de primeiras *Farsas para títeres*, publicadas máis tarde en edición bilingüe. O autor imaxinara primitivamente un bó golpe de pezas de monicreques. Unhas transformáronse máis adiante en versións para teatros experimentais. Outras convertíronse en teatro de nunca. Aínda algunha, en farsa de tiruleques de moca.

Nesta improvisación para "polichinelas", Blanco Amor creou un clima que vai da sátira á traxedia, do burlento ao patético. En definitiva, andou a trazar certa liña de estridencia esperpéntica. Para o autor, o verdadeiro realismo máxico do teatro de títeres, permite o manexo dunha humanidade alcaloidal, suprahumana. Nela cabe o símbolo, sen ter que inchar nin se distraer na filosofía ou na retórica.

Fóra das devanditas pezas de monicreques, Eduardo Blanco Amor tirou do prelo, no 1973, un volume titulado *Teatro prá xente*. Inclúe diversas amosas de feitío popular. Unhas foron estreadas para a inauguración dun teatro do pobo, que o autor dirixiu. Algunha triunfou en concursos convocados para comedias. Outras, co epígrafe de "Contos escénicos", transmitíronse pola Radio, ou representáronse en versión monologada. Foron todas escritas ao longo dos tempos, en momentos nos que se tentaba superar as trapalladas habituais na "vida social e recreativa" dos emigrantes.

Blanco Amor quería encetar unha nova liña teatral, alonxada dos vellos tópicos. E, en certo xeito, acadou darlle dignidade a unha actividade creadora, de raizame popular, no xénero teatral galego.

PERIODISMO E ENSAISMO

Nos abondosos artigos, así como na tarefa ensaística, o escritor ourensán empeñouse en difundir as características da Galicia tradicional: Nos motivos populares, nas paisaxes, nas romarías, na peculiaridade dos temas privativos do país. Falou, en traballos diferentes, da Galicia da cultura e das letras autóctonas. Fixo neles análise da lírica galego-portuguesa medieval. Ocupouse, asimesmo, de informar sobre o que supuxo a etapa de Rexurdimento da literatura galega, e de valorar o papel exercido polas súas figuras representativas.

Na obra periodística e de ensaio de Blanco Amor entretécense literatura e paisaxe. O seu estilo literario imitou con brillantez o acento e máis o ritmo do paisaxismo galego. A relación que estableceu, en tantas oca-

sións, entre a fisonomía artística da prosa e a fisonomía natural da paisaxe, amosou especiais singularidades.

Ollou a paisaxe nosa encerellando o mirar das polifónicas "summas" dos montes, e na delgada voz das anécdotas miúdas. Andouna pola beiramar, desde o oceano sorto e fero da Costa brava, deica as rías que a fan veciñal, fogareña. Apalpouna coa mirada no ondear das altas serras, na carnazón teimuda, solemne, dos penedos cimeiros con nomes como os das persoas. Seguiu polo arabesco, entardecido ou albar, dos bosques, nos que alentaba o medo. A outra parte do discanto, cifrouna na luz que o envolve todo e o revolve en cambios incansables e tolerías. Galicia, para el, estaba asentada nesa beleza, da que saíra orixinaria. E na que foi engadindo a tarefa e a habitación do home.

A máis da paisaxe, figurou na estimativa de Blanco Amor, a lingua propia. Ao se referir a ela, nas súas prosas, opinou que as linguas non se fan de fóra a dentro, senón de dentro a fóra. Teimou en que as falas vivas non consisten nun "son", senón nun "sendo". O galego, para el, vivía nunha única linguaxe que lle era natural: a fala común. Consideraba que, segundo as variacións, as esixencias a que esta linguaxe estaba sometida, así sería o resultado. Parecíalle que unha lingua antes de ser moderna, ou calquera outra cousa, tiña que "ser" sinxelamente.

Gostaba de dicir o escritor ourensán que Rosalía de Castro, Curros Enríquez, dalgún xeito Eduardo Pondal, comezaran por colle-lo idioma da boca do pobo, tal como eles o atoparan. Na reelaboración táctica, no emprego en mesteres superiores, empeñáronse en mantelo sen forzar a súa naturalidade, nen interferir na súa expresividade.

Repasando a obra blancoamoriana, bótase de ver que o autor non tentou nunca desviarse do que estimaba xenio da lingua. Quixo facela popular no labor literario, non para albañís nen para catedráticos. Entendía que o pobo, a xente, viña ser como un corte vertical dado á sociedade. Na súa opinión, o galego debía estar ao alcance de todos. Lembra-ba que moito da súa fala galega adeprendéara en Buenos Aires, mesmamente, e que a collera xa depurada do pobo. Pesie a que non fora habitual galego falante, contaba, en troque, cunha gran memoria auditiva.

CONVERSA E EPISTOLARIO

Era o escritor ourensán, ademais de xornalista, poeta, narrador e autor teatral, animado home de conversa. Gostou sempre de frecuentar as tertulias literarias. Nelas facía gala do seu recoñecido inxenio. Fachendeaba ás veces, da súa condición de intelectual autodidacta. Reflexaba, no dicir, a presenza dunha longa soedade, así como un certo distanciamento. Compraciase en runfar dun determinado pesimismo crítico, e dun

fondo sentimento galeguista. Falaba, asemade, dos inicios da súa formación cultural, das actividades desenvolvidas en terras de América.

Pesie ao fondo egolátrico que o distinguía, Blanco Amor sentíase dono dunha conversa inspirada, embebida en ocasións de ironía, de humor, mesmo de contido polémico. Cando falaba, revelábase firme sustentador de ideas de seu. Pero gostaba tamén do cambio de pensamentos, dunha curiosidade por saber o que ún opinaba. As mesas dos cafés resultaban ser para el, ágoras abertas. A esas mesas de tertulia acodían os ventos para borboriñar novas da cultura. Ao seu redor, o ourensán amosaba o máis agudo, afinado, do seu xeito de pensar.

De igual modo que nas xeiras conversacionais, traduciu o escritor, nun abondoso e variopinto epistolario, expresivas opinións do seu pensamento literario e político-cultural. O acento que privaba nas súas cartas era, polo xeral, pateticamente subxectivo. En calquera caso, constituían moitas veces, fontes reveladoras de imaxes e símbolos da súa obra.

Si na produción periodística, de creación e de ensaio, deixou patente Blanco Amor unha actitude identificadora co país natal, outro tanto pode decírese do seu epistolario. Tratou nel dos temas literarios máis diversos, con visión moi persoal. Soupo asomárase á realidade galega e universal, con garridez. Atinou tamén a trazar airosamente, en moita da súa correspondencia, xuízos vivos sobre a Galicia sustancial e existencial.

Foi, sen dúbida, o ourensán un escritor moi de seu. Dispuña de certa facilidade de fascinación. Poseía unha especie de segredo da fala que escoitara de neno, e da lingua literaria que aprendeu despois. Dominou a retórica con gracia, e manexou un vocabulario dilatado, preciso.

Andado o tempo, xa na época de maturidade, Blanco Amor tentou facer da nosa fala un instrumento vivo, popular. Precurou daquela rescatar a lingua tal como se falaba na súa manifestación cotiá, coloquial. Porén, amecéndolle ao idioma falado, un ricaz léxico culto. Por iso, a súa obra literaria conciliou os aportes da fala vulgar cos empréstitos tirados do galego histórico.

Velahí, ao cabo, o que no mundo das nosas letras representou a figura e a obra de Eduardo Blanco Amor.

BIBLIOGRAFÍA

LIBROS EN GALEGO

POESÍA

- Romances gallegos*. Editorial Céltiga. Buenos Aires, 1928.
Poema en catro tempos. Edición do autor. Buenos Aires, 1931.
Cancioneiro. Ediciones Galicia. Buenos Aires, 1956.

PROSA

- A Esmorga*, novela. Editorial Citania. Buenos Aires, 1959. Editorial Galaxia, Vigo 1970.
Os biosbardos, relatos. Editorial Galaxia, Vigo 1964.
Xente ao lonxe, novela. Editorial Galaxia, Vigo 1973.

TEATRO

- Teatro prá xente*. Editorial Galaxia, Vigo 1978.
Farsas para títeres, bilingüe. Edicións do Castro, Sada 1973.

LIBROS EN CASTELAN

POESÍA

- Horizonte evadido*. Editorial Viau. Buenos Aires, 1936.
En soledad amena. Editorial Rula. Buenos Aires, 1941. Emecé Editores, Buenos Aires 1942.

PROSA

- La catedral y el niño*, novela. Edición Rueda, Buenos Aires, 1948. Edición Losada, Buenos Aires, 1966. Ediciones del Centro, Madrid, 1976.
Chile a la vista, Editorial del Pacífico. Santiago de Chile, 1950.
Las buenas maneras, ensaios. Editorial Losada, Buenos Aires, 1956.
Los miedos, novela. Ediciones Destino, Barcelona, 1963.

TEATRO

- Seis farsas para títeres*. Edición López Negri. Buenos Aires, 1950. Edición Mehio, México, 1962.
Farsas y autos para títeres. Edición "Cuadernos para el Diálogo". Edicusa. Madrid, 1976.

AUTOTRADUCCIONES

La parranda ("A esmorga"). Ediciones Júcar. Madrid, 1973.

Las musarañas ("Os biosbardos"). Editorial Euros. Barcelona, 1975.

Aquella gente ("Xente ao Lonxe"). Editorial Seix Barral. Barcelona, 1976.

ANTOLOXÍAS

Rosalía de Castro. Comisión Centenario. Buenos Aires, 1937.

Valentín Lamas Carvajal. Poemas e prosas. Edicións "As Burgas", Buenos Aires, 1950.

Antología popular del P. Feijóo. Ediciones "Galicia" del Centro Gallego. Buenos Aires, 1965.

ENSAIOS-SEPARATAS

Introducción al P. Feijóo. Edición do autor. Vigo, 1966.

Volviendo a Ortega y Gasset. Edición do autor, Ourense, 1970.

POESÍA



ROMANCES GALEGOS



ROMANCE A UN AMOR DE LONXE

*Cando quixen, non quixeches,
agora queres... i eu non.*

Amor que chegas de novo
¿para que vesme a buscar?
Ben soio estaba na calma,
ben na miña soedá.
Chegaches e meu silencio
ledo se puxo a cantar;
chegaches e as ponlas secas
diron en se engalanar.
Chegaches e un pó de espranzas
se acendeu na escuridá...
¡Meu silencio treizonoume,
treidora miña soedá!
¿Amor que chegas de novo
para que vesme a buscar?
Coma na beira dun río
ollaba a vida pasar.
Magoado dos temporales
pairaba no meu penar,
os ollos cheos de estrelas
as noites cheas de paz.
A carón meu, toda a vida
ben falangueira e lanzal.
Eu no meio do relanzo
ben chovido de luar.
Crebou un bico o silencio
coma quen creba un cristal.
¡Meu silencio treizonoume,
treidora miña soedá!
O relanzo foi remuíño,
nadies me botou a man.
Amor que tornas de lonxe
¿para que vesme a buscar?

IV. RAID

Baixo a leira da noite sementada
estrelas a froilir.
Estrondo inevitábel da lúa. Coitelada
de luz pra me ferir.

Abren ruta as esquinas, esas proas
fastiadas da cibdá.
Cargamentos de pérolas e adoas
pra o porto da mañá.

Na encrucillada espallan meus intentos
catro brazos en cruz.
E arrédanse de min os pensamentos:
catro vieiros de luz.

Berros xordos, metáforas baleiras
sobre min a chover.
E a carón das estrelas tecedeiras
sinto o ser e o non ser.

Van polo mouro espello dos tellados
rolando horas sin fin.
E neste raid aos soles apartados
fuxo soio, sin min.

COMUNIÓN

Surgir o teu rostro nos horizontes
e cantas, aos ventos, as tuas voces
projéctilas
en irradios de luz, durante horas.

POEMA EN CATRO TEMPOS

en fins de compoñida con cadente,
mentando os primeiros pasos
do tempo con tepido,
até cumprir o cometido xeral
da misión, mediante.

Quilómetros máis e máis reflectidos das zonas
baza os ventos duros de un sol reflectido.
E raios de garcotas galaxias
bóndas logo as iguallas incandescentes
das zonas mundanas,
para voltar ao corpo
na comunión perfecta un día e máis con o xefe.

El irregular no tempo infante
de seguinte natureza,
crónicas os ventos muros e ríos.

Solamente un día e un día

Desde o ventos Deus faiche de vida.

POEMA EN CUATRO TEMPOS

COMUNIÓN

Suirgue o ceo románicas donduras
e cantan, aos confíns, os tonos virxes
preludiando
en arpexios de luz, abrentes loiros.

Nos leitos do alén as cores despreguíanse,
e logo devalando,
en fina acompañada contradanza,
mestúranse na cóncava paleta
do longo ceo ispido,
até compor o estremecido azul
da mañán mariñeira.

Desplega o mar o raso infindo das súas ondas
baixo os ter-ter puerís de un sol infante.
E randas de garnidas galas novas
bordan logo as agullas escumadas
das ledas maresías,
para vestir teu corpo
na comunión pirmeira co día e mais coas ágoas...

E mergullado no copón infindo
do salgado miragre,
comulgan un solciño encoiro e virxe.

Solennemente soios ti e o mar.

Dende o confin Deus faiche de oficiante.

MARCHA FÚNEBRE

(Sorteando as restingas zodiacaes,
as barcazas das sombras pezoñentas
percorren a outa ruta escintilante.

Nos rilleiros galácticos xermolan
os brancos dos desoves planetarios.

O aparello galáctico se estende
pra as inormes caladas estelares.

Abrochan os luceiros polipétalos.
Ábrese en espiral a frol da noite).

Baixo o crespón que salfiren, faiscantes bágoas de prata
no trasluciente túmulo,
teu corpo, ispido, aboia
no arrolante vagar das ágoas finas.

Brazos abertos en cruz para unha apreta sin dono.

Descoñecido heroi das gestas sin rapsoda
vas deitado no mar, que é teu escudo.
Túrnanse invertebrados xigantes sumariños
pra erguerte cara a Deus cal un trofeo.
—Longos xigantes de ágoa,
os pés no abismo, os dedos no teu corpo—.

Nos timbales petados da irta noite
os cóncavos bruídos acompasan
a túa augusta derrota para o Alén.

Fosforescentes nimbos grorifican
o teu grave perfil, que se repuxa
no medallón do mar.

Mans coloidales mazmen a túa carne
para que suba, ingrávida i eterna,
a frolecer nos camposantos cósmicos.

Todas as ondas doncelas
con branca toca de escumas
dónanche o adeus e bícante nos beizos.

Fanche cortexo sombras plañideiras
que esfollatan no ar os brados mudos.

Os cachóns das rompentes
van tecendo no espazo un canto heroico.

Na catedral da noite
resona o funeral das túas exequias.

Xacente moimento de ti mesmo
nos polidos basaltos do noiturnio,
avanta soavemente para o Alén
teu branco corpo ispido,
deitado sobro o mar, cal nun escudo
que os xigantes submersos
erguen de cara a Deus coma un aldraxe.

O esculpido sorriso dos teus beizos trunfa do mar e da noite...
Agóirase a mañán nun alonxado
incendio de amatistas.

Nos orfos beiramares,
que nunca treparán os teus relembrós,
mulleres enloitadas, outravolta,
compoñen o retablo arrepiado.

Fenden o ar estantío laios e mans coma flamas...

Mais colubinas, nãomem a lãa carã
põe que colã, ingratã e dãmã,
a fãlãe nos campães dãmães.

Todã as uõdã dãmães
cãm fãncã fãcã dãmães
dãmães e dãmães dãmães dãmães.

Fãncã cãmãe sãmãe dãmães
quã colubãe em mãmãe dãmães.

colubãe ingratã e dãmães
O cãmãe dãmãe fãncãe dãmães
vãm colubãe no campãe dãmães e dãmães.

No cãmãe dãmãe dãmãe dãmães
cãmãe dãmãe dãmãe dãmães e dãmães.

Xãmãe dãmãe dãmãe dãmãe dãmães
no cãmãe dãmãe dãmãe dãmães e dãmães
vãm colubãe no campãe dãmães e dãmães.

colubãe ingratã e dãmães
dãmãe cãmãe dãmãe dãmãe dãmães
dãmãe cãmãe dãmãe dãmãe dãmães e dãmães.

colubãe ingratã e dãmães
colubãe ingratã e dãmães.

O cãmãe dãmãe dãmãe dãmãe dãmães
vãm colubãe no campãe dãmães e dãmães
no cãmãe dãmãe dãmãe dãmães e dãmães.

colubãe ingratã e dãmães
colubãe ingratã e dãmães.

dãmãe cãmãe dãmãe dãmãe dãmães
dãmãe cãmãe dãmãe dãmãe dãmães e dãmães
colubãe ingratã e dãmães dãmãe cãmãe dãmãe dãmãe dãmães e dãmães.

Fãncã e cãmãe dãmãe dãmãe dãmães
colubãe ingratã e dãmães dãmãe cãmãe dãmãe dãmãe dãmães e dãmães.

No cãmãe dãmãe dãmãe dãmãe dãmães
colubãe ingratã e dãmães dãmãe cãmãe dãmãe dãmãe dãmães e dãmães.

Fãncãe dãmãe dãmãe dãmãe dãmães
colubãe ingratã e dãmães dãmãe cãmãe dãmãe dãmãe dãmães e dãmães.

A PÁGINA

Francisco

Apresentamos o primeiro volume
do primeiro ciclo, homenagem às
duas únicas localidades para onde
Sobro de Aze, de onde se foram muitos

CANCIONEIRO

O poeta não se contenta com o que
há dentro do tempo de um poema
desaparece, não se perdê-lo, também se perdeu
estúpido de lá, os olhos, os olhos

Como se fosse um livro de uma obra
linda, um livro, um livro, um livro,
encontramos todos os poemas
para o cuidado dos olhos, dos olhos

Em alguns de si, em uma obra
na abertura de fundação, os olhos, os olhos,
falta buscar nos olhos, nos olhos,
onde encontrar a todos os olhos, os olhos

Tentamos de todos, para o que
o poeta e o, não podemos esquecer,
se as palavras de todos os olhos,
fomos a dar nos olhos dos olhos, os olhos

1940

1940



A PESCA

Pastoral

Agarimantes cóxegas, moxenas
no teimoso cristal, bulinte espello
dos vimios confidentes pola beira.
Sobro de nós, dondo silencio, o ceio.

O peixe foi, seu pulo e bris de prata,
un instante no tempo de ar e rede;
depois, nota e puñal, fendeu as augas,
arrepío de luz na linfa verde.

Como ispido na forza de seu arco,
lanzal teu corpo, sen ferir a area,
sortiuse con lediza de venablo
para o cachón das augas balbordeiras.

Eu témero de ti, cos teus alentos
na aberta da fondura entebrecidos,
funte buscar nos arcos medoñentos
onde amolece o sol en mornos limos.

Tremantes de tolicie, prata e riso
o peixe e ti, nos verdes solagados,
xa as guirlandas da morte en rodopío,
foron a dar nas redes dos meus brazos.

1948

CANZÓN DE BERCE

A Ruliño, dez meses, amigo.

Ruín Pedro Chosco
que non queres vir
para istes olliños
que queren dormir.

Heiche dar, meniño, unha nube branca
que para ti teño gardada na arca.
Si me durmes pronto tamén che darei
os catro cabalos dos fillos do rei,
as sete estrelañas do carro dos celos
e as lúas noviñas que gardo nos seios,
un galo que baila e un año que canta,
un arbre de zucre e un anxo de prata,
un mar pequerrecho que teño escondido
con cen mariñeiros de branco vestidos...

O bon Pedro Chosco
xa comenza a vir.
¡Probes meus olliños
non pódense abrir!
O mao Pedro Chosco
comenza a chegar,
ladrón de istes ollos
que venme a roubar
ah, ah, ah, ah...

1934

NARRATIVA

CANTÓN DE HERCE

1. Hérodo de Herce (1954)

O herce Pedro-Chico

que non queres ser

para un día herce,

que queres ser herce

НАРАТАИ

Herce herce, herce herce, herce herce,

que para ti herce queres ser.

Si herce queres ser, herce herce herce,

herce herce herce herce herce herce,

herce herce herce herce herce herce,

herce herce herce herce herce herce,

herce herce herce herce herce herce,

herce herce herce herce herce herce,

herce herce herce herce herce herce,

herce herce herce herce herce herce.

O herce Pedro-Chico

que non queres ser

para un día herce,

que queres ser herce,

O herce Pedro-Chico

que non queres ser

para un día herce,

que queres ser herce,

ah, ah, ah, ah...

1954

A ESCADARIA DE JACOB

Capítulo I

JACOB DESCOBRE O SEU PERFIL

... e soñou, e unha escadeira que estaba pousada na terra e a súa cabeza tocaba ao ceo...

Xénesis, 28-12

Nesto foi que Jacob deixou a comodidade ortopédica do sillón da barbería do Club Cerealista. Apañoou a súa silueta esguía nunha ollada integral de dezaseis espellos e gorentouse un anaquiño na decote renovada satisfacción de descubrir o seu perfil sen ter que estarricar os ollos nunha fuxente ollada lateral, para poder apañalo en toda a súa pureza xudía.

Metéraselle na chola que tiña un perfil lírico. Non abranguía ben cabalmente o significado de tales verbas. Pero o feito misterioso da súa xusta posición, facíao cavilar máis da conta. Un perfil lírico... Un perfil lírico... Perfil de grandes cousas. Perfil para chan-tarse na coquetería inmorrente dunha medalla. Perfil proal ouceador de pasados mañás, que non finaba de acadar e reducir a xustas significacións intraverbais, como lle pedía a súa concreta mentalidade semita. Sentía que o descubrimento do seu perfil íalle aportar cousas novas e fazañosas para a súa vida. Sentía que aquel perfil era novo, recién descuberto, dáballe xa topadas na vida con golpes xordos, punxentes e sen ferida, de coitelo cego. Aquel perfil era como un irónico mascarón de proa, abrindo novas singladuras na súa vida baleira. Aquel perfil... ¡As 11.30!

Deitou na man da masaxista —pálpebras de sulfato, beizos de chuchamel de celuloide— na man de manicura —artificioso engado de cerería— na man de groom —ouro, roxo, mouro— polícromos billetes, limpos e noviños coma bicos de neno, e sortiu á rúa crebada na súa recta lonxidade de aceras converxentes, por trapezoides de luz caídos da irregularidade das azoteas.

O “Rolls” niquelado e gris, espreguízabase á par da saída. Jacob recaudou volante e pancas; o arranque eléctrico zuniu coa laiante xenreira de

Capítulo II

¿3/3 CONTRA 3/5. 2/3 CONTRA 2/6?...

O veranego ceo porteño era unha peneira a esfarelar luz e máis luz. Estaban moendo no ceo, unha luminosa fariña antártica, debulladora de perspectivas, ben axeitada para se escachar na fronte do casal da Bolsa —XVIII columnas dóricas, grandioso tímpano dun neoclasicismo rasta-coiro, con símbolos adiposos da Gandería e da Agricultura. Nos tetos de mármore da Nai Ceres e encol do caduceo dun Mercurio con face de larchán, as brancas e arrolantes pombas ceibaban o seu guano medievalista e iconoclasta.

Jacob entrou. Home de imaxes plásticas, sentiu arelas de tirar de chaquet alí mesmo, no hall, e sacudirille todo aquel enfariñamento luminoso que a mañá lle deitara enriba. Semelláballe indecoroso e pouco digno da seriedade industrial, entrar con todas aquelas faíscas de ouro que a carnavaleira e novísima rica da mañá lle botara, ás présas, enriba dos ombreiros. O rumor da subhasta, grato á súa ánima coma unha sinfonía, enlazouno e sentouno no escano, espido de meditacións transcendentais. A voz do rematador entolecía pegando, como un paxaro cego, contra as paredes inhóspitas. Os números fervíanlle na gorxa, como se fíxese gargarexos coas pezas en folga dunha Bourrougs X, 327 mod. 1.930. Un decatábase de que se contiña de carraspexar, pero que de boa gana o faría para arrincar dos entrefollos da gorxa aqueles graños de crebados ingleses que se pegaban como obreas nos endemados recóvedos da larinxe.

—Señores: Temos un lote de 5.000 becerros Shorthorn engordados. ¡Pedigree garantido! Ceibes de aftosa e de todo andazo. Son da cabana “Blue Star”, nados de sementais irlandeses. ¿Canto valen por libras? ¡Postas, señores,ostas! ¡¡Son da “Blue Star”!! ¡Pedigree garantido! ¿Canto valen, señores?

Un fumazo de números abafaba o ambiente. As cifras escadaban o ar tépedo de cigarros e estoupaban, coma foguetes, nos ouvidos dos mercadores. As primeiras postas caían coma as primeiras pingas dun trebón.

Jacob abriu a súa carpeta de coiro dinamarqués en procura do parte que recibira aquela mañá de Smithfield, coas últimas ordes para a merca de carne en pé. Con présa crecente catou tódolos departamentos forrados de gamuza vermella; peteirou en tódolos broches de ouro cos dedos

nerviosos, pulidos coma bicos de paxaros paraguaios. E nisto foi que se lle acorou o xesto, fechou o cartapacio e tirou da petaca un cigarro rubio.

¿Como dicía o radiograma, que agora mentaba velo aberto, coma unha gargallada, esquecido enriba da mesa do almorzo? Jacob precisaba non perder un minuto nin un lote para cumprir as ordes de acaparamento que tiña recibido dos seus representantes "MARTIN SONS Ltd." Algo lembraba. Cuartos traseiros enfriados 3/3, contra 3/5 os australianos. Os dianteiros, por stone de 8 libras 2/3, contra 2/6... pero ¿cal eran os prezos de demanda dos seus competidores da Swift Ltd.? ¿A como fechara o Mercado a Término, de Sidney? ¿Que se dicía en Londres?

Estaba perdido. Non tiña outro remedio senón ir el mesmo buscar o parte en clave, descoñecida ata polo seu secretario privado, que contiña a compra máis importante do ano. ¡Nin pensar niso! Denantes de que andivese trescentos metros de rúa, xa o remate estaría acabado.

As postas subían con axilidade acrobática. O rematador e os concorrentes ollaban, a cada oferta, para Jacob Edelstein, a quen a espionaxe gandeira sindicaba coma o posuidor da máis alta orde de merca. Os prezos chegaran á súa máxima tirantez. O rematador cuspía xa as mesmas cifras, nun ritornello obsesionante. Jacob, home de imaxes plásticas, sentía que as olladas de todos chamuscábanlle a roupa e voábanlle arredor dos beizos coma moscas famentas, agardando unha cantidade para botárense enriba dela e mazmirlla, e moerlla con aguilloazos de miúdas fraccións de schelling. O rematador barallaba no silencio cupular e ecoante do recinto grandioso. As súas verbas martelaban muros e corazóns. Jacob ergueuse de vagar e o silencio podíase pesar ao miligramo. Acadou o seu bastón de bidueira branca e saíu cortando o ambiente mesto que case o immobilizaba, coa súa face proal e distinguida. Detrás da semente do seu magnífico e calado mutis agromaban os comentarios.

Perdera, por un esquezo idiota, a primeira batalla comercial da súa vida. ¿E non tería culpa daquel esquezo a súa manía recén estreada de andar matina que te matinarás naquel gallo embruxado do seu "perfil lírico"?

CAPÍTULO III

—Non, señor, non. Non teño máis nen menos vountade de falar da que tiña onte... O que pasa é que agora cúmpreme remoer ben as cousas antes de as decir. Estiven remoéndoas a noite inteira, que leve o diaño o que dormín, pro as condanadas ensaríllanse todas, en rolda polos miolos i a cabalo unhas das outras, que xa nen sei as que foron antes e as que foron dempois, que hastra me somella que tantas cousas non poideron tere pasado nunha noite, coma cando un soña, que somellan non teren fin e pasan nun instante... Porque eu dígolle que o que pasou nesa noite é coma si pasase nunha chea de noites apegadas unhas ás outras, sen día no meio, ou eísí coma xa dixen denantes... De tal modo que non sei como escomezare.

—Está ben, si señor... Pois os feitos é que estabamos aparvados de cansacio e de bebida e non sabiamos pra onde coller, pois as cousas fóranse pondo de mal en peor, e púñanos medo írmonos a meter onde houberse xente conecida, i a nós coneciannos en todos os sitios onde quixeramos ire...

O tempo cambiara outra vegada pra frío. Nos arrabaldos non se vía alma viva...

As casas de pallabarro somellaban ire a derrubarse amolecidas, i os refachos do vento arremuiñado do norde, que viña como pra tempo de neve, esborrifaban no aer os fíos da auga que aínda se desbrocaban no meio da rúa dende as canles das tellas.

Ó pasar pola Porta de Aire, adevecemos de envexa ollando pra as tabernas cheias de xente, pro non nos estrevimos a entrare. O Bocas era o que máis se coidaba de que non o visen, e ía, azorrado e múo, ás alcançadas sen decirnos pra onde. Na fonte de San Cosme bebimos a morro uns grandes grolos da auga da pía, que nos fixo baleirar, de alí a pouco, todo canto tiñamos dentro. Todos tres, con premiso da súa cara, trouamos coma cas, fóra a ialma, e co iso fóisenos indo a pesadeza i escomezamos a nos poñer ledos coma rapaces, sen sabere por que... Ó lonxe víase no ceio un tramo aceso polo lume do pazo, e cada un ollaba pra aquel costado do aer cando coidaba que os outros non o vían. Pro non nos dixemos ren, coma se non tivesemos que ver co aquilo... Eu ía cavilando que o

lume se fixera grande de tan sócato porque pegaría na leñeira que estaba a par da bodega, que eu ben a vin cando o alquitareiro ía buscar os mollos pra o lume...

Conque fumos parar á Ferreiría, onde nos metimos nun portal pra determinarmos o que teríamos que facer, pois non era cousa de andar daquil xeito toda a noite e máis co frío que se viña.

—«¿Cantos cartos tedes?», preguntou Xanciño. Eu non tiña coasi ren pois déralle todo o xornal á Raxada.

—«Eu teño dez pesos, e vámoslos a foder todos esta noite», dixo fonchoso, o Milhomes.

—«A min quédanme catro ou cinco... Pro témola que seguir, que sobran de abondo», argallou o Bocas.

—«Eu voume pra a miña casa, pra a casa da miña nai», respondinlles; que esa era a verdade, pois eu non tiña mentes de seguir facendo falca-truadas, que bastantes tiñamos feitas.

—«¿Seica estás tolo». Cos líos que temos armado, onde pirmeiro te buscarán será na casa da Raxada ou na da túa nai. ¡Pensas que son parvos!», dixo o Bocas. «Ímola a seguir, e mañá será outro día».

—«A min nada teñen que me apoñer nen por que precurarme, que eu nada fixen nen me metín con ninguén».

—«¿E quen guindou o quinqué que puxo lume no pazo?».

—«Esvaroume da mau... Non o fixen adrede. ¿Que sabía eu que ía estoupar daquil xeito, coma si fose unha bomba, nen que culpa teño eu de que a leñeira estivese alí tan de perto? ¡Vaia, coño...!».

Aínda disputamos un pouco sóbor de istas cousas, pro como non levantabamos a voce era coma se non disputasemos, que todo o que falabamos era besbexando pra que non nos ouvisen. Conque dempois de me decire, un e outro, que tan lixados estabamos uns como os outros, disputexemos írmonos de putas, con licencia, anque ó Milhomes non lle fixo moito aquel a ideia, e puxo coma condición que non fosemos á casa da Nonó senón á da Monfortina, non sei por que...

Pro na casa da Monfortina non nos quixeron ademitir, porque disque tiñan uns viaxantes forasteiros de moito rumbo, que colleran a casa por súa e mandarán fechar a porta a todo gasto pra quedárense todos a eito, de dormida... Isto foi o que nos dixo a Cupatrás, coa meia porta de enriba aberta e a de embaixo fechada, coma pra darnos a entender que non nos abriría. E asomouse pra contestar porque coneceu a voce de Xanciño, que lle tiña moito aprecio, pois o Bocas era home moi gabado polas churrianas, asegún era sona. A Cupatrás quedouse debruzada, coma pra palicare un istantiño connosco.

—«Santisma Virxe, que non sei como vos aventurades a andar nesa disposición e co iste tempiño... Se non tiveramos istes fletes, que son moi amigos da Monfortina...».

—«¿Que fas eí?», marmulou, por tras de ela, a Piolla, asomando os fuciños lardosos de comellona i o narís de borracha.

—«¡Mira, que antroido de homes! Veñen co Xanciño, o Bocas...».

—«Veñan con quen veñan, fecha esa porta... Hoxe non é día pra ista cras de fletes. Fecha e acabouse a conversa», dixo de moi mal xeito a Piolla, que é a encargada da Monfortina, como vostede sabe...

—Vosté dispense que non quixen ofendere, pro eiquí sábello todo o mundo, aínda as persoas decentes, que están tan ó cabo do que pasa nas casas das putas, con licencia, coma si tamén foran decentes, que nistes pobos pequenos...

—Si, señor, si. Conque seguindo o conto, o Bocas díxolle que non fose besta que pra decire o que tiña que decire non había que aldraxar á xente. Pro a Piolla, que é moi arriscada, fixolle frente, e sacou o corpo, toda moura e fuciñuda como é, con pelos no bigote, poñéndose a berrar:

—«¡Fóra de eí, lacazás, perdularios, ou saio coa tranca! ¿Que vos pensades, que non son home pra vós?». E voltouse a meter pra esguellar un arrabuñazo que lle tirou o Milhomes.

—«Ídevos», dixo de mellor modo a Cupatrás, «que eí veñen os faroleiros co municipal».

—«¿E que temos nós que vere cos faroleiros e co municipal?», díxenlle eu disimulando, e tamén pra sabere si algo tiñan no papo sóbor dos outros, que eu andaba coa miña sospeita de que algo habería...

—«¡Ai, que condenados!», berraba a Piolla. «¡Fecha esa porta, Cupatrás! ¡Malia quen eiquí os encamiñou, que aínda nos van meter nun compromiso! ¿Pra que abriches, cadela! Sae de eí...».

—«¡Pois agora éntrase por collós!», esbardallou o Bocas, metendo o cóbado por entre as follas e pegándolle cos xoenllos á parte de embaixo.

—«¡Fuxide de eí maricós, galicosos, ou vades a parar todos á ispeición...!».

Eu ripei co Bocas para un costado e díxenlle á Piolla con moito sosego, pra que non se ouvisen os berros namentres non pasaban os faroleiros, que xa viñan perto:

—«Non te poñas eisí, muller... hai que vir a razóns... Somos homes mozos que andamos de esmorga, con bos cartos no peto pra gastare... E non vén ó caso, si tes a casa ocupada, que te poñas a falar de municipás e da ispeición, que non somos xente de afora nin carteiristas...».

—«¡Anda, coña, faite de novas ti tamén! Ben te conezo, que eres o da Raxada... ¿pro pra que andas co ises? ¿E logo non sabes que ise —dixo acenando pra o Bocas— deixou onte un home por morto na taberna do Chaguazoso? ¿Non sabes, non? Non me fagas falar...».

Aporveitando o quedármonos sin aición ó ouvir somellante cousa, fecharon dun golpe a porta e botaron a tranca. E nestas, comenzaron a ferrarnos botellazos dende o piso de enriba e vimos que chegaba, con grande troupeleo das zamancas nas lousas da rúa, Fermín, o faroleiro vello, acenando pra nós coa estopa do lume enriba do chuzo, tan metido na grande corozza que semellaba unha pantasma do outro mundo. Detrás, perdendo os folgos, viña un municipal, que pola estatura debía sere o Sardiña, que viña tamén correndo, casi a canchapernas, coma fai decote por mor dos xoanetes, que hastra os rapaces o tentan pra velo correre eisi.

—«¡A ises, a ises!», viñan berrando coma demoros, sen dúbida chamados polo estrondo dos botellazos, pois denantes non nos tiñan visto. As fiestras das casas veciñas, xa afeitadas a aquelas funciós, abríanse de golpe, e a María dos Acidentes, que vivía nunha casoupa medio derrubada, parede por meio coa da Monfortina, saíu coberta cunha sabán, chiando coma un vencello...

—«Valede eiquí, veciños, que me matan...! ¡Ausilio! ¡Auuusilio!». As putas pagábanlle ou dábanlle mantenza pra que as axudase, cos seus brados de tola, a tornar da porta ós homes que non lles conviñan cando se puñan rufos en demasia, i a condanada facía moi ben aquela titiritada.

Sáímos alandillando porque xa o Fermín e o Sardiña se nos viñan enriba. Ó chegar ó calexón da Pena Vixía, o Bocas ordeou:

—«Temos que nos asoparar. Se nos ven ós tres xuntos, vanse deprocatar que somos nós. Liscade cada un pola súa beira. Dentro dun instantiño, xuntámonos na casa da Nonó. Entrade, sen petar, pola porta da Santísima Trindade, pola parte de atrás, que vai dare á cociña... E non vos demoredes...».

Eisi o fixemos, e de alí a pouco estabamos xuntos de novo... Aínda agora me pregunto por que non aporveitei aquel intre pra me asoparar de somellantes... e máis sabendo o que xa sabía.

—Pode que sexa coma vosté di, porque un nunca se ve tal e como é de certo... ¡E cando as cousas están de Deus...! O que pensei dimpois púdeno pensar entón, pro o certo é que non o pensei, eisi me parta un raio eiquí mesmo. Bueno, agora xa foi marica non chores. Total, todo se foi pra o carano...

Conque na casa da Nonó ademetíronnos de contado porque eu tiña bo creto e tamén porque o Xanciño era meio querindallo da Lola, a Viguesa, que facía de encartada, e que disque estaba moi namorada dil. A Viguesa, coma vostede sabe... ou mellor dito, coma sabe eiquí todo o mundo, é a mellor das que ten a Nonó, que son catro ou cinco; e se non tivese aquel arroallo e aquel botar por ela de madamita, podería estar ocupada noite e día, pos é «das que camelan», como di Almería, o mozo

do Mendenúñez. Pro cando lle peta de tere a simpatía pra alguén, resulta tan xeitosa, a máis de belida, que ten que sere verdade o que dela din, que disque é moi boa xente, e que se non está na casa da Zorrita, que, como vostede sabe, son de a peso e non de a seis reás, como as da Nonó, é porque non quere. Ademais din que lle gusta empinar o cóbado, e non de copas, como ás finas, senón de morapio, que bebe moito eponse moi perdidíña, que hastra disque se lle esterca o estámago, con licencia, e cheira coma nós os homes que andamos nise vezo.

Conque da cociña pasamos á saleta onde estaba decote a dona do trato, que ía poucas veces ó salón. Rescibíronnos cun aquel que non era o acostumado, e até a Nonó non contestou de bo xeito ó noso saúdo. Chegamos pirmeiro eu e mais o Milhomes e dixémoslle á Viguesa que Xanciño chegaría de alí a pouco, co que se puxo moi leda e botouse polvos na face i esborrifouse perfume por enriba. Nefeuto, cando chegou o Bocas foise pra il e apreixouno nunha longa aperta, i o outro mougán facía coma que a quería tornar de si ou coma que se deixaba agarimar de mala gaña; porque os homes que lles gustan ás putas, con licencia, son decote eisi, coma se se deixasen acariñar á forza, co que elas acírranse máis e andan tras diles aínda máis asañadas, que é cousa que non se entende.

A Viguesa ollaba pra somellante animal coma se non se fartase de velo e sen se asoparar dil, coma si llo fosen roubar, cos ollos húmidos e ademirados, coma si tivese baixado un anxo do ceio. I o outro lampantín deixábase estar cos brazos caídos ó longo do corpo, feito un estoa, ollando pra os biosbardos, coma si a cousa non fose co il. ¡Se fora eu, me caso no carafio...! Pois a Viguesa chamáballe «mi chulillo», porque decote fala en castelán, pro non coma fai a Cansentado, que fora costureira, en Paderne e botárase a falar o castrapo, que foi o que escomenzou a perdela, e outras das casas de a peso que falan o castrapo cheio de jeadas pra facérense as finas e as madrileñas cos señoritos da vila. Non; á Viguesa víase-lle dabondo que era seu falar natural, que disque lle viña da súa nacementa en boa casa, que hastra se marmuraba que era filla dun coronel do Ferrrol, ó que disque se lle foran espaxando a muller i os fillos porque era moi xogantín, que a xente non se cansa de inventare cousas, e que tanto pode sere certo como pode sere trola...

A Nonó estaba esbacalloada, coas pernas abertas, en-col do braseiro e co pito nun recanto da boca, coma decote; aquelas pernas grosas como eixos de carro, i a faciana maltratada das vixigas, de máis grandor que a dun cristião calquera, por máis grosso que fose, aromatada, por embaixo do queixo, con dous ou tres papos, macios e peludos, que somellaban non sere da carne de ela... Tiña no braseiro un cazolo de viño a quecer, e cada tanto pegaba nil, arrollando coa mau toda aquela galdrallada que tiña por espeteira pra que lle non estorbase a visión, e metíalle longos grollos sen alentar. Dempois de cada engolido arrotaba coma un crego e

decía pra si mesma, sen perder a seriedade: «¡Bo porveito, Nonó, que istes sexan os andacios que te maten e que se foda o mundo...», pois é muller de moita soberbia.

—«¡Como ves, meu chuliño», marmuraba a Viguessa, cofeándose des-
contra o prosma. «Co ben que poderías estare cabo de min, os dous xun-
tiños que non che faltaría nada... ¡En que choios andarás ti...!».

—Mira, Viguessa, xa sabes que te quero ben, pro eu preso nin por un
cabelo, como din...».

—«¡Anda, anda, laparán, que vai pra dúas somanas que te non vexo, i
eso que che mandei unha ducia de recados... ¡Con quen andarás ti meti-
do...!».

O Milhomes que ollaba pra iles co aquil sorrisiño que tanto amolaba e
que era o seu modo de se bulrar ou de dar a entender que estaba de volta
do que se decía, finou por non lles facere caso, e foise a acrequeñar cabo
da mullerona á que lle besbexaba, polo baixo, cousas que a facían rire,
namentres andaba a remexer coa badila no rescoldo.

Ó outro lado da porta ouvíase no salón a pándiga que armaban os fle-
tes coas pupilas, bailando ó compás do guitarrón do cego de Cudeiro,
que botaba as mazurcas en castrapo, coa voce arronquecida:

*Si el mar tivera barandas
Fuérate vere al Brasile,
pero coma no las tiene
mi vida non poedo ire...
¡ai si!*

Logo, facendo castañolas e ferreñas con canto poideron apañar pra
meteren bruído, sentiuse que dous deles, que debían sere o Jiménez i o
Quintela, que decote facían esa gracia, armaron un cachoupiño entre as
risadas de todos, marcando con carraxe os puntos no estrado de táboas,
como nun redoblante:

*Ai, polo pé,
pola punta do pé,
pola rabia do pé,
polo cachoupiño...
polo cachoupé...*

O Milhomes i a Nonó comadreaban polo baixo bebendo do cazolo, e
cando ela falaba saíalle o fumo por entre as verbas, talmente coma si o
fumo i a voce fosen a mesma cousa, pois non ceibaba verba de si que non
fose envolta co fumo.

A Viguessa foi levando ó seu amigo lonxe da luz da lámpada que pen-
duraba do teito, até sentárense no sofá de palla que aló hai nun recanto
escuro. Púxoselle a facer agarimos, bicándolle o colo e dándolle endenta-

diñas nas orellas, sen que o outro lambón, todo estarricado, deixase de ollar ó lonxe, coas maus afundidas no cinto descontra a barriga, sen lle botar á outra a minor apalpadeira, que a min xa me estaba enrabexando aquilo.

Como a Nonó apúxonos que eramos «fletes de juerga seca», pedíronse dúas botellas de anís encarchado i outras dúas de licor café, pois tiñamos o estómago tan estragado que só sentiamos degoro de cousas lenes e dóces... Máis tarde mandouse á Fani, a criada, que trouxese unha boa pota de callos da taberna da Xenerosa que nós nin probamos xiquera...

Nestas, apareceu pola porta que dá ás alcobas, a Costilleta, axeitándose o cabelo e seguida do Pepe o Cabito, que lle quedara este alcume de cando foi cabo de gastadores no servicio do rei. Pepe o Cabito, anque fillo do señor Argimiro o Peste, que tivera banquilla de zapateiro de rúa, ó pé da Fonte Nova, dábase moito ó señorío porque traballaba de escribiente no auntamento. Total viña a sere un deses señoritos de caldo á merenda que aínda gañan menos que nós, e todo se lles vai en andaren de capa e bimba i en alternaren con algúns señores de carreira polo gallo de seren todos republicanos, que lles din, e que se axuntan algunhas vegadas na Lameda a botaren discursos que ninguén entende, até que os torna de alí a Guardia Civil. Estrañoume velo na casa da Nonó, pois eu supuña que era, polo menos, flete pra a casa da Caridá ou da Monfortina, que son, coma vostede me enseña, que xa o dixen denantes, casas de a duro.

Marmulou un «boas noites», de mal modo, coma si o amolase que o tivesemos visto, e sortiu pola porta de atrás, por onde nós entráramos, e que é a porta por onde entra e sae a xente de confianza da alcagüeta. Ó sortir fitou de esguello para o Bocas, que nen conta se diu de aparvado que estaba.

A Costilleta foino despedir, e cando voltou veuse pra a miña beira, que aínda me deu un bico na meixela e acochouse descontra min coma quen ten frío.

Eu tíñame ocupado bastantes veces co ela, pois aunque non era moi goapa nen andaba moi comprida de carnes, tiña fama de limpa e de facer ben as cousas, que por certo era verdade... Tíñame proposto moitas vegadas que fomos queridos pra non tere que pagar, pois, coma vostede me enseña, eiquí é costume que os queridos poidan quedárense de dormida os luns sen pagar ren, anque ista sexa un engado, pois o que non se paga polo adubío váiselle logo a un en pagare o escote da cea e da bebida e máis da prepina pra o cego Cudeiro.

—«¡Ai, meu rei», decíame a Costilleta, pegándome belisquiños nas coxas, «ti si que es home pra sacarlle a barriga de mal ano a dez mulleres...! ¡Ven pra acá, gandulo! ¡Imos facer as cochinas?».

—«Deixa, muller, que non estou pra iso. Ando moi canso... E ademais xa sabes que me dá noxo de me ocupar con muller que sae de estar con outro».

—«¿Quen? ¿Ise? ¡Boeno, boeno! Moitas garatuxas e tal e que sei eu, petexa de eiquí e petexa de aló, aloumiñandoche as carnes por de fóra, que hastra fai cousas que noxo dá lembralas dempois, e total... patacas, que aínda queda unha peor que denantes... ¿Imos? Mira, Cibrán, dempois dun coma ise, dígoche que o que cómpre é un home das túas feitas, que vai ó seu sen andrómenas, e aínda recunca... ¿Imos?».

—«¡Non teño cartos!», díxenlle pra sacarlle a teima.

—«¿E iso que lle fai? Págasme outro día, que xa sei que eres de lei».

—«Non, muller, non...».

—«¡Anda, home!».

E baixando a voce engadiu, coasi falándome na orela: «Dempois que nos ocupemos, saes ti soliño pola porta de adiante e sen decires nada. Non che convén que te vexan co iles... Vén que cho conto todo, que ó millor dimpois non temos tempo...».

—«Deixa ó home tranquí», dixo nestas a Nonó, soerguéndose e co aquela voce de homón que sacaba dos fondos do peito que tanto apuña ó sentila, pois coasi nunca falaba en voce alta. «Será mellor que vos lisquedes, que eu non quero líos. Agora que vos viu o Cabito será mellor que tomedes o portante», arrematou falando pra o Bocas. «¿Non che dixo nada a ti?», preguntoulle á Costilleta.

—«¿E que me ía decir?», contestou a outra, querendo disimular, anque víase ben que algo lle quedaba no papo.

—«Boeno, ídevos, e teño dito. Ise vaivos a denunciar... A min tenme xenreira porque sabe que o quero tornar de eiquí, que me acostuma mal ás mulleres...».

—«¿Pro, denunciarnos de que?», saltou o Milhomes alporizándose.

—«Boh, deixádevos de lerias e morra o conto, que o sabedes mellor ca min. Ídevos, e acabouse».

O Bocas asoparou dun empuxón á Viguesa e pódose de pé dun brinco pegoulle un couce ó cazolo do viño que se barrufou renxendo polo lume. A Nonó abalou movéndose toda como un monte e desapareceu por unha porta.

—«¿Que fas ti, peneque do carano, ascaroso?», chiou a Costilleta, dirixíndose a Xanciño. «Eso pásanos a nós por darlle entrada a criminales. E a culpa tena isa, que anda co il como unha cadela salida...».

O Milhomes ergueuse dun chimpo e pillouna polos cabelos namentres o Bocas lle escachaba un hostión no meio da cara que a fixo caír tan longa como era. Cando a Viguesa se viña tamén pra ela cun sillote erguido, voltou a Nonó coa face vermella, coasi moura coa rabia, cunha inorme tranca na mau arreboleándoa dun xeito destemido e deixándoa caír sobor todo dios.

—«¡Fóra de eiquí, cabrós!».

berraba co aquela voce que era coma un trono dos ceios. Como serían os golpes que ferraba que cun deles que lle

marrou escachou a táboa da mesa... Nestas abriuse a porta do salón e asomaron os homes i as mulleres que aló estaban na pándega, con intención de vírsenos enriba. Nós botamos pra fóra pola porta de atrás e saímos todos tres a eito, coma chuspidos... Detrás de nós, oíanse os brados da xiganta enchendo toda a praza da Santisma Trindade:

—«Ladrós, criminales, golfós...!. ¡Botádelle a mau a ises...!».

Parara de todo a chuvia e sopraba un curisco que tollía os alentos. Non había nas rúas alma viva. A lúa viña grande e crara por entremedias das nubes esfiañadas e lixeiras. Cando paramos de correr, aló pola praza do Correxidor, ouvíronse no reló da catedral as badaladas de meia noite. Tiramos pra arriba con intención de meternos na casa do Milhomes, que vivía na rúa de Crebacús. As pernas non nos sostiñan ben pola causa das bebidas dóces que son de moita treidoría, coma vosté me enséña.

—«¡Pois estamos fodidos!»», dixo o Bocas parándose no portal. «Ide a onde vos pete, pro eu non me meto en ningunha casa. Non sexa o demo...».

—«Eu non me asoparo de ti», respondeu o Milhomes collendo ó outro dun brazo cun aquel de valentía que me chegou adentro. O Bocas, co aquela mistura, tan propia dil, de darse conta das cousas e de brincar-lles por enriba coas súas arroutadas, propuxo:

—«Temos que acabar os cartos que nos quedan. É de mal agoiro saír de esmorga e voltar pra a casa aínda que somentes sexa cunha rafa de diñeiro. Conque, ¡a seguila!».

—«Mirade... Eu iría convosco», díxenlles, «pro non aturo máis ista door dos pés que me voltou co frío. Todo está fechado i eu non podo andar eisí dun lado pra outro... De tal modo que me vades a disimular pro, xa que estou tan perto, voume pra a casa de mi madre...».

—«Aló ti», falou o Bocas, «pro eu dígoche que si che botan a mau enriba... Estou certo de que xa todo se correu pola vila, e dun xeito ou doutro... Se queredes imos ó mesón do Roxo, que coma todos os que van alí son xente de avería i o que máis i o que menos... A máis diso son coasi todos forasteiros, coma sabedes. Hoxe ten que habere moito xentío pois é víspora da feira do sete i ármase alí decote unha chirlata de arrieiros e tratantes que dura toda a noite... Se gañamos ímonos no tren das cinco pra Monforte uns días até que pase ista encalsamada, que noutras piores me teño visto e total sempre é máis o bruído que as nocés... ¿Que se determina?».

Eu quedeime cavilando un anaco. Certamente o Bocas tiña razón. Eu estaba engaldrullado a par diles, polo menos até que non poidera falar de como socederan as cousas, tal como o fago agora, que ben se ve que non tiven culpa de ren. Ademais sabía que en canto me quedase só íame a vir o «pensamento» dun arrepente e non me podería valer porque xa eran moitas cousas as que tiña enriba de min.

—«Boeno, ¿que determiñas? Non hai que sere cagán, hom... Cando se anda entre amigos hai que deixar ire as cousas até o seu romate», dixo o Aladio, botándome a mau polos ombreiros.

—«¡Alá vosoutros! O que eu quero é estar ó quente e sacar as chancas. Conque, andando».

Esto era o que eu decía pro non era toda a verdade. O certo é que escomenzaba a estar inqueda dentro de min e quería ir a onde houberse xente e onde se armase rebumbio, e beber e beber, antes de que medrase aquilo, anque me ardesen as paredes do peito.

—«Non convén ir aínda até que estea o mesón ben cheio coa xente que vai chegando pola noite. Será de eiquí a unha hora. Agoanta un pouco e vamos por eí a facer tempo ou ver se podemos metérmonos nalgún achego».

A confianza que puña o Bocas en todo canto falaba deume azos e botamos a andar baixando pola rúa dos Fornos. O ceio estaba limpo e a friaxe metíase na cana dos ósos, que xa se vía ben que estaba pra xiada. Ó cabo da rúa atopamos aberta a churrería da Parroquia, i o Milhomes, facéndonos adiantar uns pasos, botou a manta por enriba da testa i entrou. Voltou a pouco cun par de botellas de aguarde de do país. Dende o gonzo dunha porta, onde nos meteramos pra deixar paso a uns que cruzaban pola rúa da Estrela, vimos que algúns saían á porta da churrería e acenaban pra onde supuñan que tería collido o Milhomes. As cousas non andaban ben... Cando voltaron a entrar, apretamos o paso e metímonos pola rúa do Tecelán que estaba moi ecura, coma se non tivese acendido os faroles. Alí démoslle un bico á primeira botella, tan longo que a baleiramos. ¡Boa falla nos facía, que eu, cunha cousa i outra, xa estaba pra esmorecer! Pois cando a min me vén iste desalento non son home pra ren, e somentes quérome acochar onde ninguén me vexa nen me sinta e apretar os dentes e morder os cotenos até que me sangoentan, pois doer nin me doen...

—Sí, señor, é verdade, non me dea creto... Pro cando me poño a falar dista disgracia que a min me pasa e que non lle pasa a ninguén...

Conque, a bebida botoume daquelo, coma decote, coma si estivese atado e me desatasen... Talmentes. Pro esta vegada, ademais, deume por rir sen sabere por que. Os outros dous sen saberen por que eu me ría, puxéronse a rir tamén, i a pouco riamos todos tres con gargalladas de tal sorte que non nos podíamos ter dereitos e andabamos collidos facendo un feixe cos brazos, i en lugar de avantarmos pra diante iamos en rodopío, sin deixar de rire, coma si foramos a rebollós sen tere caído, que era cousa de moito admirar.

Aquela adiversión meteunos tanta ledicia no corpo que nin conta nos dabamos do que iamos facendo até que nos guindaron auga enriba dende unha casa. Entón caímos na conta de que estabamos barullando

máis do que conviña; e como non podíamos deixar de rir puxémonos a taparnos a boca uns ós outros, co que nos veu aínda máis gaña de ir, que xa non sabíamos que facer pra aturala... De sócato o Bocas, que coma máis feito a estas tolaxadas endexamais se esquecía de albiscar pra arredor, dixo que había que apretar o paso, pro sen correr, porque somellaba que alguén nos viña velando meténdose nos escuros da paredes da rúa. Quizabes fosen os da churrería. Tamén falou de esperármolos e de pelexar co iles, pro eu saqueillo da chola, pois non estaba o caso pra metérmolos en novas falcatruadas.

E sen sabere como, atopámonos na rúa do Istituto. Ó lonxe, por enmeio dela, víase vir vindo un municipal, a paso vagaroso. A rúa estaba alampada de luar e non podíamos atravesala sen sere ollados. Conque fúmonos deixando ir, dun en fondo, apegados á parte sombriza, i ó chegar fronte ó adral da eirexa de Santa Eufemia, vimos que estaba aberta e metímonos nela coma ratos...

O altar maior locía todo aceso de candeas, que moito me chamou a atención que a tales horas da noite isto socedese. Estaban aló, a carón, dúas ou tres ducias de cabaleiros, pois mulleres non se vían, todos axoenllados, e ouvíase o besbellar dos rezos a pouca voce, e todos moi xuntos e rezando a eito, coma si estivesen botando unha ladaíña, desas das misiós ou das rogativas... Eu non sabía como trepar co raio das chancas ferradas pra que non fixesen estrondo nas laxes. Un daqueles cabaleiros algo debeu de apercibire porque se voltou pra abesullare, pro xa nós estábamos acochados tras dunhas colunas, descontra un confesonario.

Nestas, renxeu un pouquiño a porta e vimos ó municipal, que por certo era o tío Sardiña, metía o morro un pouco, pro non pasou de eí. Anque non nos podía ver onde estábamos, por si es caso metímonos no confesonario no mesmo instante en que de novo nos tentaba aquela fodida risa. O tío Sardiña fitou un instante e logo foise, arrimando a porta a modiño. Ficamos un pouco sen saír, agardando a que se alonxara por si lle daba por voltar a meter os fuciños, e mentrestanto encetamos a segunda garrafa da augardente que estaba tan baril coma a primeira e que some llaba tere algún engado co aquel seu xeito de pornos tan ledos.

—«Istes son os que lle din da Adoración Noturna, que rezan somentes de noite», dixo o Milhomes que a sabía toda.

Dempois dun pouco, asomámonos a axexar pra vere si era o instante de podermos saír. E foi eí cando nos asegundou a condanada da risa, pro esta vece con boa causa, pois vimos que todos aqueles cabaleiros xa non estaban axoenllados senón coasi debruzados, coas nádegas erguidas e as cabezas baixas, coasi rente ó chao, botando todos xuntos unha cántiga coma si a rosmasen polo narís.

O Milhomes foi o pirmeiro que escomenzou a ceibar aquela risiña de soleta que, como xa facía un bo anaco que a estaba aturando, subiulle de

seguida a cacarexo. E coma si o seu riso fose quen pra abrirse o cachón dos nosos, ¡sandió!, aquilo foi un esboiro de gargalladas que até me deu un punto nas illargas que non me deixaba alentar; i un pouco co rir i outro pouco coa bebida, cuasi non atinabamos coller pra o lado da porta. E por si fose pouca toda esta pirdición, o Bocas, que entre as súas animaladas tiña sona de peidorreiro, ó chegar perto da porta, botou un dises seguidos que arrematan cun estrondo, con perdón da súa cara...

—Déixeme rir, señor, que algo adivirtido me tiña que vir ás mentes polo entremeio de tantas cousas feias e tristeiras desa noite do carafio.

—¿E que máis feitos quer, señor? Os feitos son istés, un por un e tal coma socederon. O romate diles foi porque outras cousas foron pasando denantes. Se non tiveran pasado, o romate sería doutro xeito do que foi. Porque a verdade é que cada cousa que faciamos non era das que se fan decote nas esmorgas, que ó fin todas son cousas de adiversión e trastadas que teñen remedio... Nós iamolas facendo de tal xeito coma si as fixeramos sen darnos conta, ó menos polo tocantes a min, pra que logo non tivesen remedio, coma quen vai fechando portas tras de si e guindando coas chaves, coma pra non querer voltar, tal coma si adrede camiñáramos á nosa pirdición.

—No tocante ós «autos», coma vostede me enseña, pois a pouco andare, logo que saímos da eirexa, parámonos un anaquiño a ceibarnos daquela risa que nos abafaba, e logo fumos a dare á Fonte do Rei onde mexamos na pía, con licencia de vostede. E foi nesas, e cóntoo pola importancia que dimpois tivo o caso, cando o Bocas se puxo a falar co que tiña na mau con premiso da súa cara, decíndolle, con moito agarimo, «que non se ía a ire de baleiro», «que non había romate de esmorga sen muller», «que tivese pacencia», i outras parvadas polo estilo, que a min até me daba vergoña ouvilas de beizos dun home feito e dereito, anque un ten que comprender que a bebedela trai estas cousas.

Conque, foi eí onde o Bocas voltouse a acirrar naquela vértola de que tiñamos que ire de novo a vere á belida dona misteriosa do señor de Andrada... E nin eu nin o Milhomes fomos quen pra tirarlle da croca someillante tolemia, pois xa sabiamos que o Bocas era eisé, vertolán coma un pequecho, e cando algo se lle metía na cachola tiñaio que facer anque metese nelo a vida; porque, eso si, home destemido non conecín outro á par dil.

—Está ben, si señor. Será coma vostedes dispoña, con tal que me deíxen eiquí e non me leven ó coartelillo. ¡Eso si que non...!

—Non lle fai... Anque tivese que morrer de fame. Ademais, maldito o apetite de comer que teño... Si aínda fose un grolíño de tinto, pra me alentar un pouco...

—¡Moitas gracias, señor, moitas gracias!

OS BOSHARDOS

DE RIGLIARDI

A ARRASADEIRA

Eu —contábame Toniño Cobas— nunca fora ás arrasadeiras. Ía ós morogos, ás cirolas bravas, ás cereixas da carretera, que se dan de seu e que non son de ninguén. Pro non ía ás arrasadeiras porque os que ían non me chamaban; i os rapaces que eu trataba non eran dos que ían de noite a roubar uvas, peras, mazás, pexegos, ananos ou o que caíse, asegún o tempo. Os que andaban comigo e viñan á miña casa, falaban mal diles pro tíñalles envexa.

Os que ían ás arrasadeiras eran ledos, destemidos, pelexaban por calquer cousa e ríanse de todo. A min non me somellaban ruís, pro eran eisí, i eu tíñalles envexa.

Coñecíaos dabondo e trataba a algús. Ás vegadas, na Alameda, cando tocaba a música de tropa, chamábanme aparte (iles non entraban no paseo do meio, que era o do señorío) e dábanme de todo; enchíanme os petos; metíanme entre corpo i a brusa recimos inteiros que se me apegaban ó coiro. Tanto que, ás veces, tiña que deixar o paseo (e logo dar disculpas e mintir) pra me baleirar de tanto que me daban e que non daba comido. Lémbrome que un día, un recimo de moscatel traguía unha avéspora e púxose a me picar tanto que ceibei con todo frente á botica do Román. Deume vergoña porque pasaba moita xente e viron todos que me puña a brincar, coa camisa defora, ciscando as uvas por todas partes.

A min non me acadaba ben que uns rapaces fíxeran unhas cousas e que outros non as poideramos facer. Miña nai decía que ire ás arrasadeiras era *roubar*. Pro a min a verba non me somellaba axeitada; máis ben parecíanme troulerías de rapaces pra se adivertiren; e que por moito que collese cada un, entre o que daban i o que comían, non valía tanto como pra chatalos de ladrós. E somellábame tamén que o podíamos facer todos, e que non era xusto que o fixesen os rapaces máis ledos i arriscados e nosoutros non, porque eramos señoritos, ¡vaites co señorío!

Por todo isto, a min, xa de moi novo, víñame traballando unha pencha descontra min mesmo que se me metera na cavilación e que non me deixaba acougar. Por todas istas cousas e por outras, viña a parar en que a nós non nos criaban ben, e que non había coasi difrencia entre as cousas que nos deixaban facer i as que facían as nosas irmás, fóra de andar ganduxando trapiños e garnindo no bastidor. No demais era o mesmo:

falar a modo, aínda que fose uns cos outros; non responder mal a ninguén; ollar solermo prás donas e modesto prós maores; non alandillar polas rúas, levar as unllas limpas, esgarrar no pano... Por iso os outros, cando nos querían alcumar, o primeiro que nos chamaban era “saritas”, ou maricallas.

E facían ben. Iles argallaban e procedían como lles petase, sin lle dar conta a ninguén. Xogaban ó “jota justicia”, de noite, por todas as rúas da cibdá; lataban a escola; facían choutar billardas como eixos, e, xogando ó peón, rachábanos as ronas, anque fosen de buxo; saltaban “a beber”, afundindo os puñetes nas costas dos que apandaban, sin que ningún se queixase; pelexaban por pelexar, pra ver quen *lle ía* ó outro; chim-paban as buxías da luce a cantazos e tirábanlle, dun arrempuxón, todos os bonecos vestidos de mariñeiro i os señores de gabán que tiña na porta o comercio “Las Mil Capas”, de don Serafín Feixóo; e tamén enrabechaban ós municipaes (o Testa, o Calivera, o Sardiña, o Trazas) até facelos entolecer. Un día, nas festas do Corpus, atináronlle cun cantazo ó Collombao no istrumento, cando estaba a botar un *obrigado* de cornetín no concerto da banda (con todo o quiosco arrodeado de pasmós) que din que os botaba moi ben.

Aquelo era vida, e non o andar apegados ás saias das nais, esmorecidos e cansos sin ter feito nada. Iles, pola contra, tiñan decote os ollos faiscentes, falando a berros, chamándose polos alcumes, seus ou da familia, botándose a correr sin vir a conto, ollando sempre darredor como si os perseguisen, buscando sin dárense folgos novas toladas pra se rir, nunca coas maus quedas, co elas sempre bulindo no ar, que somentes as metían nos petos cando había que pararse a coller unha determinación...

Un día fun e díxenlle a Pepe o Roxo (que era fillo do señor Pepe o Roxo, que tiña banquilla de zapateiro na Fonte Nova) que por que non me levaba a unha arrasadeira. No xeito con que me considerou, fitándome de enriba a abaixo, deprocateime que, anque me quería ben, non me vía moi cabal pró asunto.

—Non che convén. Vanche rifar na casa. Moitas veces esgázase o pantalón i esfólanse os zapatos ou pérdense as zapatillas.

—Boeno, anque me rifen; total, rífanme por todo.

—A máis deso, ten que ser de noite e ti non podes.

—Por eso cho digo; mañá van a un casamento e pódome escapar.

—Mellor é que nos agardes e dámosche de todo; eu, pola miña parte, xa sabes...

—Xa sei que me tedes de menos.

—Non home, non. Hai que estar afeito... A onde imos mañá, hai que avanzar dous muros, que ímoslle ós figos ó Abade das vellas.

—E... avanzaranse.

—¿Corres ben, sin que che deia o punto?

—Coido que si.

Quedou calado un anaco fitándome seguido.

—Ademais, non é dos que se andan con chiquitas... O abade férrache cada perdigonada de sal que si che colle o cu non te podes sentar en oito días, aparte as callenturas que veñen. E si che dá nos ollos, cégate.

—Boeno, entón non irei.

Voltoume a considerar outro pouco e véndome tan triste púxose a rir, logo botoume a mau polo ombreiro e díxome:

—Está ben, Tono, ti verás..

—¿Logo lévasme?

—Eu non te levo, vas ti. (Isto gostoume moito). Pro ás figueiras non tes que subir, porque si non se sabe andar por elas ráchanse as ponlas e fan bruído.

—Entón non vale a pena.

—Cala home... Ti vas a par de min i apañas os figos embaixo, que tamén isto ten seu aquel, xa che direi como has facer. Xuntámonos mañá ás nove, na Alameda do Cruceiro, que a isa hora xa están ceando.

Cheguei cedo e non había aínda ningún. Os catro ou cinco que logo foron aparecendo, non me fixeron caso e puxéronse a falar entre iles. Logo chegou Pepe o Roxo e chamárono aparte e puxéronse a disputar. Eu dábame conta que era por min. Nunha desas, o Roxo pegoulle un arrempuxón ó Caparrás e sacudiulle unha lapada ó Peste, e todo se arranxou.

Veuse pra min, colleume polo ombreiro e botamos a andar pola congostra que arrodea a viña de dona Calrota. Os outros ían adiante, alobados sin falar nin rir, como quens están afeitos a tales adubíos. A min batíame o peito, pro eu sabía que non era de cagana sinón de ledicia.

Dempois fumos dando arrodeos até saír a un campón con choupeiras, onde algunhas vegadas nos sentabamos coa miña nai e meus irmaos a merendar.

De noite todo somellaba difrente porque eu non tiña andado de noite por ningures, non sendo polas rúas da vila, nin xiquer polos arredores. Si non fomos tantos e si o Roxo non me levase a par de si, poida que chegase a ter medo. Pro naquíl intre, non o tiven.

Conque, a pouco máis andar, chegamos. O Caparrás adiantouse e subiu ó paredón agatuñando. Dende enriba fíxonos aceno, i os outros agatuñaron tamén e deixáronse caír pra adentro, que se sentían caír cun golpe focho.

Cando nos chegou a vece, o Roxo acrequeñouse i eu subín enriba dil pro non chegaba. A parede era de seixos e eu non podía agatuñar porque me doían os dedos.

—Súbete na testa.

Púxenlle un pé enriba da cabeza, pro como non me collía o outro, ou mellor dito, como me esvaraba ó ladeáreselle a gorra, afirmeime nos cóbados, din un brinco e quedei a cabalo do muro. Logo o Roxo agatuñou como si tal cousa, botouse da outra banda e chapoume cando me deixei caír.

Os outros xa ían diante, camiñando dapouco, encollidos. Baixaba o terreo, cuberto de cepas, até unha casa grande arrodeada de árbores. O Roxo deitoume á orella:

—As figueiras son esas.

Na casa víase unha luce de carburo e nela recortábanse os árbores. Un can botouse a ladrar con poucos folgos, i outros ladraron máis ó lonxe; algún ouveaba.

O Roxo fíxo un asubío moi a modo, como de paxaro, e quedamos todos quedos. De alí a un pouquiño, calou aquil can e foron calando os outros. Logo xuntámonos, coas cabezas xuntas, e o Roxo besbesellounos:

—É o cadelo da vella, que o teñen atado. Non val nada, e si un se lle arrepon, fuxe. A máis deso non o deixan fóra cando se deitan. Hanse deitar aixiña; temos que agardar. Esparexédevos por eí, e coidado co pico.

Eu senteime con Pepe o Roxo (non me podía afastar dil). Tampouco podía deixar de erguer a testa e fitar prá luce da casa. Seguíame batendo o peito, e aínda que me sentía moi arrufado xa emprincipiaba a pensar que ogallá finase aquilo pronto.

Conque foi e apagouse a luce... Dempois de quedármonos quedos outro anaquiño, o Pepe asubió e fumos xuntos até dar con outra parede. Ista era moi baixa, coasi un valado, e podíase avanzar por ela. Por enriba asomaban as figueiras iñormes. Cada un foi por onde o Roxo lle acenou; e, decontado, todos agatuñaron polos árbores e perdéronse na follax. O Roxo diume o fardel que trouxera, e dun chimpo xa estaba enriba.

Cando fiquei soio, coido que tiven medo; non por nada, senón porque me quedara soio e comenzaron a me renxer as tripas.

O Roxo guindou un figo de aviso e atal como me insinara, guieime por il, abrín a saqueta i escomenzaron a caír os figos.

Xa se ía enchendo, que ás vegadas botábame presas diles...

E foi eí cando esboiraron dous disparos arreo, tan perto de min que vin as chispas por enriba da testa e sentín o ar quente no carrolo. Os fonzos alumaron como lóstregos as figueiras e caíronme follas enriba.

Aínda ouvín as zoupadas dos rapaces caíndo dos árbores e como se botaban a alandillar abourados polos berros dun home.

Eu tamén botei a correr sin saber pra onde; e cando xa tiña collido un bo pulo, dei coa cachola nas pedras do valado i enchéronseme os ollos de fáiscas como si tivese diante a roda dun afiadador.

Afroxáronme un instante as pernas e somelloume que caía, pro seguín correndo. Brinquei por enriba do valado sin o tocar, pasei por entre as cepas sin lles mover unha folla, vin o paredón grande pasar por embaixo de min... Non sabía como era quen pra correr e brincar de tal xeito, sin xiquer sentir a cacholada. Nun intre de nada, xa me vin beira do río, frente ó cachón da aceia vella, cos berros do home moi perto, coasi enriba de min. Peguei un chimpo e aparecín na outra banda, sin tempo a pensar como pudo ser aquilo. Pro os homes (que xa eran moitos) tamén brincaron e seguía a ouvilos berrar, e viñan os cas ladrando e ouveando, moitismos, todos os cas da bisbarra e de máis aló... Seguín a traveso dos castiñeiros de Peliquíu, avantei por enriba de Oira, ó lonxe víase Cudeiro, que non sei como o podía ver na noite pecha... Xa non se ouvían os homes nin os cas, que ben se estaba... Somelloume estar deitado. Caíame o suor polas fazulas e pingábame do narís; un suor quente e mesto que se metía nos beizos e seguía correndo...

Escomecei a sentir que falaban; non que berraban, que falaban en voce máis ben baixa, homes e tamén mulleres.

Abrín os ollos e fireume nils a luce do carburo. Unha vella de cabelo branco, fardada de negro, tíñame a cabeza na aba e pasábame un pano mollado pola fronte que me doía moito. Había outra vella e dous homes, un diles coa luce do carburo; o outro estaba a par do valado fumando, ó lombo a escopeta de dous cañós; enriba de nós, as figueiras.

A vella de cabelo branco, estaba a decir:

—Non pode ser, home, non pode ser... Iste non pode andar nistas cousas. Iste é o máis novo de dona Felicitas, a do Cobas, neto do Cuan-da, o procurador.

—Tan bos son uns como os outros —dixo o home da carabiña, pegándolle unha chupada ó pito.

Aquelo de que eu era o mesmo que os outros, foi o que máis me gostou.

Alors, pour en faire un livre à l'usage de nos amis, j'ai écrit ce petit livre. Il est destiné à ceux qui ont un intérêt pour l'histoire de notre pays. Il est écrit en français, mais il est destiné à nos amis qui ne parlent pas français. Il est écrit en français, mais il est destiné à nos amis qui ne parlent pas français. Il est écrit en français, mais il est destiné à nos amis qui ne parlent pas français.

Il est écrit en français, mais il est destiné à nos amis qui ne parlent pas français. Il est écrit en français, mais il est destiné à nos amis qui ne parlent pas français. Il est écrit en français, mais il est destiné à nos amis qui ne parlent pas français. Il est écrit en français, mais il est destiné à nos amis qui ne parlent pas français.

Il est écrit en français, mais il est destiné à nos amis qui ne parlent pas français. Il est écrit en français, mais il est destiné à nos amis qui ne parlent pas français. Il est écrit en français, mais il est destiné à nos amis qui ne parlent pas français. Il est écrit en français, mais il est destiné à nos amis qui ne parlent pas français.

STATE OF TEXAS

PARTE PRIMEIRA

IX

Cando era moi rapaz, ouvía certas palabras sin as entender e que, noustante, quedábanseme na memoria, co-mo se me quedaban, poño por caso, as verbas da gramática que nin se entendían nin había pra que, porque denantes de adprendelas un xa sabía falar;

e despois dun tempinho, como non se usaba (pluscuamperfecto, subjuntivo) afundíanse non se sabe onde e víase ben que eran verbas somentes pra dalas nas leccións e ir aprobando, e despois acábanse como si morresen.

Mais as que ouvía ditas pola xente, de boca a orela, nas reunións da nosa casa, ditas con intención de que foran entendidas (que non sei como decilo), como si lle fora moito nelas aos que as falaban, alporizándose ou asosegándose ao decilas, ceibándoas con ledicia ou con mágoa, como si se falase de cousas máis de perto, da familia, dos amigos, dos enemigos. Estas outras verbas eran: «solidaridade» (que era a máis difícil) «reivindicacións», «esquirol», «asalariado», «fraternidade».

Outras quedábanseme tamén de coro, anque somentes as lese, cicais pola súa lindura de letra ou pola súa novidade no son: «dialéctica», «polémica», «simbólica»; somellábanme como si se espaxasen no aer roldas de soantes campaiñas ou gallardetes cooridos e pequenos como volallas.

Outras representábanseme granderas e lucidías, coasi lostregantes, poño por caso «internacional», que aínda sabendo o que era naquilo uso que lle daban os que viñan ás reunións, figurábaseme unha enorme bandeira aboiando polo ceo azul dos mapas...

Tales verbas, digo eu, quedaríanseme acochadas no fondo do ser até que chegara o intre, tarde ou cedo, en que cada unha delas se acomodase no seu xusto oco como as letriñas de chumbo nas caixas da imprensa do meu pai. Como un xogo de crebatestas, de sócato atinaban co seu sitio e de seguida púñanselle moitas de arredor, ateigadas de novo sentido, ou de sentido máis cabal, como si dixeramos postas de sócato a falaren xuntas. Outras houbo que endexamais, aínda sabéndoas de moi cedo, acadaron lu-gar xusto ou durábel: «libertade», «democracia», «direitos». E

outras trocaban de sitio a cada paso: «correlixio-nario», «fidelidade», «solidaridade» (que era a máis difícil).

Algunha vez cavilei que o ir entrando no cheio da vida era tanto ou máis que adprender cousas novas, ou sexa palabras novas, irlle atopando un lugar ás gardadas de coro, cedamente adprendidas; un lugar xusto e firme onde se acomodasen unhas coas outras, e todas comigo, cousa que nunca conquerín.

Polo visto as verbas teñen vida de seu, van e veñen como lles peta; e coidando que mandamos nelas, ao cabo dos anos decatámonos de que, trocándose no tempo atal se troca o noso ser, foron elas as que mandaron en nós.

Á volta da escola, xa ouvín á miña nai queixárselle ao meu pai e á Xelina de que non a deixara facer nada, a chorar a chorar, e ter que collelo a cada instante toda a ma-ñá, «habará que levalo ao médico», «que médico nin que médico, que mama á par dun xato e dorme de noite como un abade, que xa é ganas de amolar o rapaz iste...»

(Aquil outro día, tan sinalado, dende o intre mesmo en que meu pai fechada a porta, que era o derradeiro en saír, que se dira conta do xeito acorado con que lle disen: «até logo, veña axiña» e il «ten pacencia», «¿quen eu?, despois non me veñan con que non estudo», «si home si, té-molo que arranxar»).

Deixeino chorar como si estivese só, como si non o ouvise; chorou dende as dúas da tarde sin parar, nin biberón nin limpalo, até o serán entrado;

que o deixaba eisí pra que cando chegara a nai, se decatase de que non me quedaba de baleiro, que aquilo era máis do que un home pode aturar por moito valor que lle puñese.

Chorou sin trégola canto hai que chorar; chorou ouveando, bradando, rosmando, roñando, fungando, de enriba abaixo, de embaixo arriba; cando non podía máis (debía ter a gorxa esfolada) seguía a nifrar paseniño, dun xeito sentido, entrecortado, rancuroso, mentres non collía novos folgos, e cando os collía outravolta a chiar como un marrán no banco,

que furaba os ouvidos, que eu afundín nils os puñetes e seguía a ouvi-lo, e metín o queipo na cociña e fechei a porta, e metino no escusado e fechei a porta, e metino, coa cabeza pra os pés, no leito dos pais, e tapeino todo con toda a roupa, e seguía a ouvirlo;

e nun intre en que o deixei de ouvir fun a ver, e destapeino i estaba arrebatado, coasi mouro, a cara molladiña coas bágoas e o suor, e cando o destapei de todo voltou aos mesmos berros, nai que o pariu;

e fun e calqueille un pouco a moleira e andáballe apresa, apresa, aos choutiños curtos, dilingueiros, tan seguidos que nin se podían contar;

e calqueille máis i estarreceu como con susto, e crebóuselle o pranto, e non deixei de calcar e trocóuselle o respiro, e contrapeóuselle o com-

pás do alento, e viróuselle a boquiña pra un lado e tremáronlle as mans no aer;

mais non ben deixei de premerlla, ceibou tres brados seguidos que bateron no aer como trallazos.

E fun e guindei con il no chan, e batín a testa descontra as paredes, e metina embaixo do grifo, e funme pra a galeiría que era o máis lonxe que a casa consentía, e quería eu que nese intre se asomasen as Castranas pra sentir medo ou vergoña,

e voltar ao meu ser, e reconecerme nas xentes e nas cousas de arredor, que me axudasen, sin mo decir, e coutar aquela forza que me viña de dentro de min pro que xa non era miña, nin era eu,

aquil pulo que me asoballaba, que me desbotaba de min sin podelo coutar nin arredar...

Que xa ía quedando lonxe o solpor de abril e xa debían ser as oito e tiñan que estar a chegar;

e furei o colchón dos pais e pillei unha pouca lá, metina mollada nas orellas, que o que eu quería era non ouvir máis os berros que me acadaban e abouraban onde quer que estivese como si xa os levase dentro de min pra toda a vida.

E voltei da galeiría pra a alcoba dos pais, e non había que pensalo máis, e afundinlle os dedos canto poden, os dous dedos grosos, cos outros (oito), ben afirmados no rondo e duro da cabeciña;

i estarreceu, i estarreceu cada vez menos, e fóiselle amolecendo o corpiño, e solteino e degolóuselle a testa pra un costado, e o sangue saíalle das riscadelas (oito) que lle fixera coas unllas sin me decatarse, no coiro da cabeciña; e a moleira era unha mazadura mol, escura, aviñada.

Guindei con il no leito dos pais e limpeime nas sabáns i embrulleino ben na toquilla e fixenlle nós á toquilla, e saí-anlle os peños pola toquilla;

e pillei na cociña o fardel das fabas (que ao baleirar, as fabas escomenzaron a se espaxear, a saírense, a medrar, xurdindo por todas partes), e metino no fardel, que algo o tiven que calcar pra que collese, e fechei a xareta canto poden.

Que xa quedaba lonxe o empardecer de abril, que xa andaría nas oito, que agora sería millor que non chegasen que me ían atopar na escaleira. E funme pra a galeiría levando a saqueta das fabas co Bertiño dentro;

e quería que nise intre, pra sentir medo e vergoña, asomase pola súa algunha das veciñas Castrana, cuia hortiña, ou xardín, chegaba até os baixos de noso piso, tres arbres, roseiras, leitugas e mirtos aromosos medrando a vezo. E guindei primeiro o fardel, e tireime a seguido e caín na terra mol das cebolas e non me manquei;

e non asomaron as Castranas, nin a unha nin a outra, nin se ouvía o piano, nin se ouviu a cotorra, que decote gallifaba ao percibir calquer bruído;

e collín o fardel i entrei na adeguiña das Castranas cheia de caixóns de táboas, ¿que terían?, o chan estrado de prumas de galiña, e nas paredes coiros de coello estarricados, todo cheio de coiros de coello, todo estrado de prumas que chegaban a meio pé ou máis;

e puđen erguer a tranca, tan entalada, e saír á rúa do Tecelán, decote cheia de xente a tales horas e non se vía ninguén,

ninguén; pro nos balcóns e nas fiestras e nas xaneliñas dos faiados, asomaban, calados e mestos, os rostos da xente como pra a procesión do Corpus.

I eu levaba, nin ledó nin triste, o fardel descolgado das barazas da xareta e queríalle dar voltas no dedo como facía a irmá coa bolsa da costura, pro pesaba moito.

Na Praza do Ferro atopei a primeira xente, que non era xente sinón veciñas que estaban á vez, pra encher na Fonte do Ferro:

que estaba a Mercedes dos chaleques que decote me bicaba dende neno, e ollou pra min con moita fixeza e non me coneceu;

e despois a Fermina, compañeira da miña nai, que aínda estivera a merendar na miña casa o domingo; e fitoume seguido e tampouco me coneceu, millor.

Eu o que quería era saír á Ponte Vella indo por onde iamos coa miña irmá a afogar as cadeliñas da Tula, e cheguei aos Catro Camiños, e arrodei por as Lagoas e saín ao Campo do Cisco;

e ao arrodear o quintal de doña Calrota, xa perto da Ponte, apareceu o primeiro can, de moito alto; de comenzo viña após e despois ía diante, que non o vin pasar, como si tivese pasado polo aer.

Logo de arrodear o quintal de dona Calrota, apareceu o segundo can, e despois o terceiro; e de contado, saíndo do río, até nove ou dez, de moi cativos e moi disformes, ouveando todos polo baixo, rosmando, como cantando;

e mirei pra atrás e de moi lonxe víase vir a xente; e xa perto da Ponte Vella, máis xente pola outra banda; que pasaría, como si me quixeran coller no meio.

Boteime a correr i entrei na entrada da Ponte, cos seus reloxos paramentos de pedra, e boteime a alandillar pra chegar á cima e guindalo dende alí á fondura de cen cordas;

e pouco máis abaixo o cachón das aceñas, frente ao Santiago das Caldas, onde moitas veces os afogados, que aboiaban aos tres días, íanse rachar nas voltas dos ro-dicios.

Que xa estaba chegando, e os cans somellaban iren medrando canto máis se apartaban, que se ían vendo máis grandes, máis grandes, e bariáseme o sentido e púxenme a trousar sin deixar de correr, e a correr e a trousar...

E apareceu a Tula no meio, ocupando a Ponte de banda a banda, máis grande que un cabalo grande, arregañados pra min os dentes, máis grandes que os dun cabalo grande, cos ollos de cabalo, aínda sendo os ollos da nai, que eu decatábame todo o tempo seren os ollos de miña nai;

i erguín a saqueta por enriba do petril, no instante mesmo que se rachaba o lenzo e saía a man do Albertiño do grandor da dun home, brandeando un revólver matagatos, sete pesetas na armería do Villot;


e a Tula chantoume os dentes e colleume os dous pulsos sin me doer, e deille unha patada na barriga e caín ao chan, e a Tula trouseume auga fría na cara...

I estaba no chan, e a mamai de xoellos a carón, e a Evanxelina coa xerra de augamanil na man, e asegundoume coa auga, e arreguiceime coa friaxe da auga na cara.

Erguinme de meio corpo e vinme todo trouseado, e trouseado arredor de min, e a mamai limpábame a boca, «que tes, meu fillo, que che diu , meu Suso?»

Quíxenme erguer de todo e aínda non puđen. Abraceime a mamai, como quen ten medo. O Alberte estaba a chorar no cabán dos meus pais.

—¡Colle ise neno, Vanxe, ai Jasús mío...!



TEATRO

TEATRO

LA MELISSA BLANDINA

Tragedia pastorale

PERSONAGGI

IL CAPORE, 40 anni.
GERARDO, 18 anni.

TEATRO PRÁ XENTE

*Pellegrini pastoretti nel monte delle due porte. Air bozxe ammonti de pedras,
caven l'arado de terra a dall'oga.*

*Sanctus volte per il suo luogo in compagnia de i ragazzi. El sanctus, forse,
per meno tempo e meno, per meno sua quozza an. Ma, benfatta, per
poco an Nô, colla sua parte abianca, come quozza de mazzate.*

BLANCA

Per unta vante ateparte, Ugnano, si può forse ti, e unti forse ti malle-
rati s'ègi dicente, leve ti d'anti il meo ateparte a volte per a sua, o
nente stallondo per cara piatrate da mallefina.

UGNANO

Verdaderamente non se te nia cono alioz vira. Nô se mureti de
ateparte in per ateparte.

BLANCA

Sanctus carissimo! Non tale da mureti, hom. Ai, tanto se m-
nente per un son.

UGNANO

Il capo se avventurati a vir solo a casa. Che tanto de mureti da
ateparte!

IL CAPORE

Tobias... Como la vir sola, homo? Vitec... per, unti Calma e mureti
co adar il capo Cerralleira, a tanto a casa de parrico, per, omi se

TEATRO PER XENTE

I. A MEDOSA BLANDINA

Versión radiofónica

PERSOAXES

BLANDINA, 25 anos, costureira, moi andada e soleta.

ULPIANO, 18 anos, algo túzaro.

Piñeirai montesío na outa noite do vran. Ao lonxe rumores de folión, como fondo de todo o diálogo.

Blandina volta pra o seu lugar na compañía de Ulpiano. El baril, forte, pro meio zouma e inxel, ao menos nas aparencias. Ela, lerchona, lista como un allo, collida pola aboiante concupiscencia da romaxe.

BLANDINA

Foi unha sorte atoparte, Ulpiano. Si non foras ti, e non tivera a miña nai algo doente, leve o demo si me estrevería a voltar pra a casa, e menos atallando por estes piñeirais tan medoños.

ULPIANO

Verdadeiramente non se ve nin ouce alma viva... Nin os mortos se aventurarían por estas trebas...

BLANDINA

¡Santísimo sacramento! Non fales de mortos, hom... Ai, Jasús, co témera que eu son...

ULPIANO

¿E como te aventuraches a vir soia a máis de dúas horas de camiño do teu lugar?

BLANDINA

Toleas... ¿Como ía vir soia, home? Viñen co meu irmán Calros e mais co señor Fuco o Cerralleiras, a xantar a casa do párraco, que, como se

sabe é tío noso... Pois pescaron unha tranca tan escedida que aínda non anoitecera e xa estaban os dous trousados e tirados no cu-rro da reitoral coma marraus, fóra a alma. ¡Concencia negra! E agora eu soia por estes piñeirais dúas légoas de camiño, espоста a quen sabe cantos riscos e perigos...

ULPIANO

Non, o que é por iso podes ir tranquila... Conózote ben, cóncense as nosas xentes, somos de lugares pertos... E a máis deso...

BLANDINA

Pois nin por esas... Pódesme crere que non me chega a camisa ao corpo; porque, ao fin, ti eres home, e unha é muller, e como di o dito, o home é iesca e a muller estopa: vén o diaño e sopla...

ULPIANO

Parvaxolas.

Aquí non sopla máis que esta nordesía do Rodicio que mete a friax na cana dos ósos aínda estando na canícula.

BLANDINA

Serache a ti porque o que é a min... Agora mesmo, millor dito xa dende fai un instantiño, ¡ai!, sinto unhas alfas de calore que me ruben acoxegando polas costas até ensarillanseme no corpo todo; e máis no peito, millor dito nos peitos, como si os tivese contrapeándoseme do frío ao lume, coma cando unha ten callentura.

Arrepiándose.

¡Huiii! Si non fora o escuro veríasme os cachetes ardendo, mesmamente ardendo.

ULPIANO

¿Non será un estérico?

BLANDINA

Vaia home, pensei que eras máis comprido. Ese é mal das vellas ou das que van quedando pra a desfeita. Eu aínda son moza, e coma tal o sangue ándame ás veces a bulir nas veas do corpo, tanta nas de afora coma nas de adentro que son as piores.

ULPIANO

Pois serache o viño.

BLANDINA

¿O viño? Malia si grolo del bebín, que nin me gusta nin me presta. Todo o máis foron dúas copas de anís escarchado que me fixo beber coasi á forza meu tío, e onde van elas; foi ao saírmos da misa... É o medo, Ulpiano, o medo.

ULPIANO

¿Pro medo de que, muller?

BLANDINA

Boh, déixame en pace hom... ¿E de que ha sere? ¿E logo non che poden vir á cachola algunhas malas ideias, aquí nesta mourenza, tan despartada dos lugares? ¿Non te podía tentar o demo, non? Pois de palla no has sere, tan home como campas ou aparentas, que te estiven a considerare todo o día, que até parez que che se vai a romper a roupa coa forza das carnes... Que hastra os ollos che brilan na noite coma si foran de raposo, Deus me dea...

ULPIANO

Alpabarda.

¡Vaites, vaites...! Pois déixaos que brilen, que os ollos non apalpan e o ollar non lle fai mal a ninguén.

BLANDINA

Pois has saber que polos ollos comenza todo, os amores e máis as xenreiras. ¿Nunca viches unha cobra fitando fixamente a un paxariño até que lle caí no papo?

ULPIANO

Desentendéndose.

Boeno, boeno; anda muller anda, que nin eu son cobra nin ti carriza. ¡Tendes cada cousa as mulleres! ¿Non te decatás que con esas pante-sías váichese acuartando o paso, que si un fose malpensado aínda daría que pensar si o fas adrede? Temos camiño pra máis de hora e meia. Non penses en trapalladas, fecha o peteiro que así rende máis o tempo e a andadura...

Camiñan un tempiño calados. Zoan máis fortes as rachas do vento. Suptamente Blandina ceiba do peito un arrepío que semella un brado de ferida.

BLANDINA

¡Huuuuuuuuuu!

ULPIANO

¡Asús, que susto me deches! ¿Que che dou, Blandina?

BLANDINA

As alfas outra vece que me ruben polas costas coma lume viva dunha fogueira.

ULPIANO

¿Non comerías algo que non che asentou?

BLANDINA

Cun tono menos queixoso, coasi natural mais un pouco despeitado.

¡Bueno, puñés, pareces parvo! ¿Non che estou a decir que todo é medo? I encima pidesme que cale...
Entón falemos.

BLANDINA

Agora fala ti que eu xa dixen o meu.

ULPIANO

Pois, pois...

BLANDINA

¿Pois que?

ULPIANO

... pois que estes de San Verísimo de Rebordechao fan unhas romerías que arden nun candil. Coido que no folión de arestora han ter gastado máis de, ¡que sei eu!, só nos foguetes de luceiría portuguesa. E xa verás ao saír da misa as bombas de estrondo; porque téñoche que decir un segredo, con tal que non o contes logo.

BLANDINA

Achegándoselle moito, anxeiosa.

Que, que...

ULPIANO

Tamén de moi perto.

Pois que... as bombas pásanas de contrabando pola raia seca de Chaves.

Estentórea.

¡Aiiiiiii!

ULPIANO

¡Arrenégote, muller! ¿Véñenche as alfas, de novo?

BLANDINA

Coa voce crebada.

As alfas, si; pro agora, ademais, tiven unha visión.

ULPIANO

¿E que viches?

BLANDINA

Propiamente unha visión non foi, senón unha figuración...

ULPIANO

Déixate de andrómenas e apreta o paso que xa falta pouco pra salirmos do piñeiral.

Siguen outro pouco calados. Brúa, lene, o vento nos piñeiros e fungan os paxaros nocturnios.

BLANDINA

Como falando pra si.

¿E non hei ter medo, e non me han vir figuracións? ¡Ai, Jasús, Jasús! Ir soia cun mozo por este atallo do piñeiral e polas congostras fondísimas que aínda fallan por percorrer; afastados do mundo, sin ninguén

que me valia nun caso de apuro... ¿E que podería eu facer, que? ¿Que sería de min si che acometese un ramo de tolicie, deses que lle dan aos mozos, indo soios cunha indefensa muller, de noite, lonxe da xente toda...? Agora mesmo o pensaba cando te me arrimaches pra contarme esa parvada das bombas... Ai, Dolcísimo Nome, as cousas en que unha se ve...

ULPIANO

¿Que vas baduando, muller, que nin sei o que falas?

BLANDINA

¿De que hei falar, prosma, de que hei falar? Tal como vou tremando de medo coma un vimio, cicais nin me podería defender por máis que quixese... Ai, Señor San Verísimo, cando penso que si me tocases cun dedo, aquí mesmo cairía redonda, coma unha morta, sin poderme valer... Nin as pernas me valerían que cando penso neso xa se me eivan sin que me toques.

ULPIANO

Boeno, muller boeno. Eres boa plepa ti, coma todas as mulleres... Morra, o conto... ¿Pensas que non vos conozo, a ti coma a todas as outras? Aquí onde me ves, que somello unha estoa, seiche ben o terreo que piso... Moito latricar, que si esto que o outro, que si tal e que sei eu, que si tumba que dalle, pra veres o que dou de min... Pro seguro estou que si... boeno, boeno... pegarías un berro que se ouviría en dúas légoas darredor...

BLANDINA

Lerchísima.

¿Quen, eu? ¡Búscala berradora...! Ademais, dende fai un instante, estoume a quedar ronca coma un pito...

que me vras un caso de amor... El que podria ser el amor, que podria ser el amor, que podria ser el amor...
seria de mi si este amor me fuera...
amor, pero como cuando me dices de que amor es el amor...
toda...? Ahora mismo o cuando me dices de que amor es el amor...
me casaravia con una hermosa... Al, Dios mio, Dios mio, Dios mio...
me casaravia con una hermosa...

URBANO
Que vos habia de hacer, gullu, que vin a ser el amor...
que me dices de que amor es el amor...
amor, pero como cuando me dices de que amor es el amor...
toda...? Ahora mismo o cuando me dices de que amor es el amor...
me casaravia con una hermosa... Al, Dios mio, Dios mio, Dios mio...
me casaravia con una hermosa...

URBANO
Hoy me he acordado... Hoy me he acordado...
que me dices de que amor es el amor...
amor, pero como cuando me dices de que amor es el amor...
toda...? Ahora mismo o cuando me dices de que amor es el amor...
me casaravia con una hermosa... Al, Dios mio, Dios mio, Dios mio...
me casaravia con una hermosa...

URBANO
Que me dices de que amor es el amor...
amor, pero como cuando me dices de que amor es el amor...
toda...? Ahora mismo o cuando me dices de que amor es el amor...
me casaravia con una hermosa... Al, Dios mio, Dios mio, Dios mio...
me casaravia con una hermosa...

URBANO
Que me dices de que amor es el amor...
amor, pero como cuando me dices de que amor es el amor...
toda...? Ahora mismo o cuando me dices de que amor es el amor...
me casaravia con una hermosa... Al, Dios mio, Dios mio, Dios mio...
me casaravia con una hermosa...

URBANO
Que me dices de que amor es el amor...
amor, pero como cuando me dices de que amor es el amor...
toda...? Ahora mismo o cuando me dices de que amor es el amor...
me casaravia con una hermosa... Al, Dios mio, Dios mio, Dios mio...
me casaravia con una hermosa...

CASTEL BRITOR
ENSAIO

ENSAIO

CASTELLO ESCRITOR

ESENCIALIDADE E INTEGRACION

Castelao dibuxou como un mestre do Renacemento e de non verse acometido, case desde mozo, pola calamidade da súa parcial cegueira, houbese sido o iniciador da nosa grande pintura, porque o seu grande degoiro foi -¡tantas veces mo ten dito!- a coor das cousas deste mundo. Causa emoción ben fonda o botarse a pensar qué non hobera feito, il que agarimou coa carne viva do corazón a terra da súa terra, si houbera podido agarimala coa unción dos seus pinceis. Pero o camiño que il non pudo percorrer, mostroullo aos outros sin decirllo; sin decirllo en formas dunha perceptiva ecoante e valdeira. A nova pintura galega, tal como hoxe a vemos e a disfrutamos -unha das mas xurdias de Hespaña-, é inconcebibel sin Castelao. O que non pudo sere o seu realizador foi o seu grande animador. Porque unha arte que pertenece a unha terra non é somentes un elenco de procedimentos, senón unha conciencia lucidía do que esa terra pode significar para o mundo das artes, no que debe incidir con acento de seu, e sin que as formas desfiguren as esenzas. Na conciencia, non só plástica senón total, que Castelao tivo de Galiza, atopou a nova pintura os seus iniciais vieiros. Por non ter sido unha escola, senón unha incitación, lógrase en variedade estupenda: Maside, Souto, Laxeiro, Colmeiro, Seoane... Pero o pulo é o mesmo: Atopar no tema galego o pulso do mundo, ou pintar o mundo con acento galego. (Nos negros que Castelao pintou en Nueva York ou na Habana, hai un "humour" e unha tenrura totalmente galegas). Sustituir o alicurtismo folklorizante co rexo ou co lene da fonda alma racial. Afundirse no ensimismamento e na responsabilidade, case taumatúrxica, de estar dotando a un pobo da súa arte inédita para que o espirito dese pobo sexa entendido esencialmente e non só visto presencialmente. Subxetivarse ao máximo, integrando o complexo terra-home, antes de intentar toda obxetivación. Sustituir o típico polo enxebre, e avanzar sobre o pintoresquismo que, cando máis, define, en lingoaxe espúreo, un localismo de tradución interior, para lograr unha lingoaxe de valideza universal en confronto e rigor de realización coas artes dos outros pobos.

Na obra de Castelao non hai outros elementos. E habendo tido a dita do seu trato persoal aprendíase ata que punto eran conscientes. Vivindo e traballando para Galiza, foi un gran artista do mundo e atopou a xusta lingoaxe, cando a ocasión foi chegada, para decirlle ao mundo, en

galego, en plástica e tema galego, cousas que foron entendidas máis aló dos horizontes; porque só cando se acada o ensimismamento total na alma propia condicionada pola terra, se chega á lingoaxe universal. Sendo a obra de Castelao tan galega que non pode nin arela sere outra cousa, é nobstante a negación máis absoluta do que se entende por "arte local".

Pero a súa incitación vai moito máis aló do seu mester vocacional. Na tensión da súa vida outras almas colleron o seu pulo, buscaron fito para o seu andar e branco para a súa enerxía. Sobre disto, que todos sabemos que é verdade, hai, ademais, testemuños expresos. Dí o filósofo Xohan Viqueira, xa no ano 1919, cando Castelao estaba acadando a súa madurez: "...é o primeiro entre os pintores nosos; chegou ao fondo da nosa alma e soubo darlle o contorno que lle facía falla...". "Mestre xa para os que veñan, para tódolos outros, quedará na nosa historia como un camiño de esforzo, de traballo, procedimento e enerxía para descer ao máis fondo da nosa alma galega". E Florentino L. Cuevillas, o noso grande prehistoriador declara expresamente, neste ano de 1950: "A primeira exposición que Castelao fixo en Ourense, foi unha de acuarelas que desenrolaban temas da terra e do noso país". "E foi diante daquil mar e daquiles piñeiros, diante dos labregos, dos mendíños dos pazos e das eirexas, onde o meu corazón, tremante de ledicia e de tenrura, empricipiou a bater no meu peito pola terra que me vira nacer".

Eu dixen, despedindo os seus restos, no nome dos galegos da Arxentina: "Il fixonos visibeles e inevitábeles as nosas obrigas de conduta con Galiza, como Rosalía, Pondal e Curros nola fixeron consciente nas suas doores, belezas e espranzas. Por o que iles debuxaron no ár estrelecido do verso, Castelao modelouno en dura e nidia materia de conduta política e social e en exemplo persoal de vida. Il creou unha nova responsabilidade e un novo xeito de sere galegos. Antes de Castelao podía amarse a Galiza de moitos modos. Despois dil tódalas fronteiras dise amor están acotadas. O que saía delas xa non poderá chamarse de ningún xeito amante, senón de moitos, treidor. Iste é o seu testamento...". Nonno escribeu; volcouno como un metal ardente no molde da súa vida, de toda a súa vida, sin descansar un día, sin dubidar un intre...". Moitos máis poderían falar así.

O valor de Castelao, como exemplo humano, é quizaves tan significativo como a súa obra. Porque non se realiza somentes na obra nin siquera na dimensión artística do seu temperamento, sinón na totalidade do home. Galiza vive infiltrada nil como unha sorte de gracia teologal. Tiña algo de benaventurado que traducise ista esencialidade do sentimento da Terra —que nil era algo así como un coñecimento místico— mediante unha especie de éxtases activos cuia discriminación no ser da obra era o de menos. Era o de menos porque a esenza ficaba decote a mesma.

Cando se revelou como escritor, xa era un prosista admirabel, tanto no senso da penetración ideolóxica das materias tratadas canto na harmonía interna do seu idioma, que aparecía sin somellarse a ningún e, non embargantes, sin adovíos nin violenzas de estilo "pensado" como diferente. ("Do meu diario". Notas dun viaxe por Europa. "Nos", 1922). Hai dereito a sospeitar que, de ter contado cos meios técnicos indispensábeles, do mesmo xeito hobera escrito música ou tramado unha arquitectura. Isto explica tamén que a primeira -e única- obra teatral que escribe, "Os vellos non deben de namorarse", fose xa perfecta, sin aterse a ningún canon; e que a súa intervención na loita galega engadise ás formas habituais na expresión política, unha tonalidade sin orixes coñecidos, aínda que presumíbeles dentro dunha concepción fonda das posibilidades da raza, pero que deica il non se tiñan manifestado.

A especie de que a intervención de Castelao na política foi unha arroutada de raíz sentimentaleira, é opinión de pícaros e de cazurros que coidan que, tal como iles a sinten, a política non é mais que cousa porca, de encrucillada e navalleo. Castelao, sin desfigurar o inicial idealismo que empurra á loita, era político moi fino, asisado e vocacional. Era un ilusionado, pero estaba moi lonxe de sere un iluso. Si algunha vez tripou na lama, non foi porque non a vise, sinón porque na política hai tamén que tere o valor de pisar o estrume endebén ollos e fronte sigan estando no limpo ceo. Sin unha capacidade mínima para iste dualismo, por veces tan dooroso, non se é político. O que diferenciaba a Castelao dos políticos era que estes tiñan os pés e a fronte no máis irremediabel esterco, de tan comprido modo que nin siquera podía concebire que os demais tivesen a alma decote afundida na luz. Sobre política, ademais, escribiu Castelao moitas cousas que tiveron escintilante vida oportuna e que quedarán, por moitos anos, vivas no seu ronsel profético.

A obra total de Castelao é, pois, un desglose diste sentir a Galiza como unha esencialidade. A nosa terra intégrase nil configurando un dos máis altos exemplos humanos da nosa caste, tanto no producirse ético, no seu ser de home, como nos seus produtos estéticos. A perfección formal da súa obra venlle, asimade, de sentir coa máxima honorabilidade a súa tarefa de creador e de escrarecedor, vencellada a un intre da súa patria, que il sentiu como decisivo. Contrariamente ao que dixemos no comenzo diste traballo, o nazonalismo non era para il unha facilidade sinón un esixente compromiso, unha autoimposta vía de perfección. Era home de intuicións xeniais pero endexamais confiado ó azar dos improvisos. Endebén de ahí lle veña, dise lume interior, o que o coñecimento sistemático non dá, o certo é que viviu toda a súa vida castigando, con sostida discipriña, co máis rexo orde mental, os seus meios expresivos. O coñecimento era cicais para il nada máis que a comprobación dos seus lóstregos íntimos, pero non aforrou traballo ningún para non andar de

valdeiro; porque as intuicións da cultura —no senso impregnante, telúrico— aínda para superar ou desmentir os datos do coñecimento, téñense que soste sobre do coñecimento mesmo. O feito de que non houberse tido mestres nas súas máis escrarecidas discipriñas, non quer decir que lle fose doado aforrar o duro maxisterio de sí mesmo, mais angurioso, implacabel e duro de roer.

Niste proceso de autoperfección honorábel, que nada ten que ver con ningún xeito de narcisismo presuntamente cultural nin co degoiro hedonista do solaz estético ou erudito, e que é honorabel precisamente no senso de sere ideal servizo e de permitirse o doarse eucarísticamente, en forma total de vida e de traballo, a prol dunha causa, Castelao non avanzou sobre ningunha xeira, non se consintiu ningunha preguza, nin admitiu ningunha simplificación, nin siquera as que lle propuña a súa minusvalía física. O que fixo, fixo-o ben, e o que non pudo facer, desbotouno. Na súa obra non hai frustracións nin hai as amarguras que resultan de calcular mal as forzas.

Diste modo, ó sentir esencial da terra, xuntábase nil a vontade do esforzo cognoscitivo. A súa derradeira obra, na que traballou ata o seu último alento: "As cruces de pedra na Galiza", é a comprobación máis palmaria do que deixou dito. O gran valor desta poderosa síntese lograda por Castelao, foi resultado do miragroso equilibrio dos seus elementos: intuición, fervor, sabencia.

Acaroado nistas liñas -tal é polo menos a intención de quen as traza- fóra xa da aura sobornante da súa presenza viva e das secuencias tan punxentes da súa preta morte; tratando de arredar, deica donde é posíbel, os factores coactivos do seu relembo, aínda quente en forma de voz nos ouvidos, de man apreixada e de ollos que xa comenzaban a non sere diste mundo, isas son as contas que saen e que era preciso botar, para aforrarmos moitos incisos, niste breve encadramento da súa persoalidade total, ategada de sentido, antes de metérmonos a enxergar a súa significación nun soio dos seus aspeitos, ou sexa o de creador dunha modalidade de prosa galega moderna.

Intuición de destino; sentido dinámico e profundo da terra nai; vida en desenrolo de axeitada conduta; simpatía anímica para absorber os contidos humanos e para irradiar a propia intimidade ata os demáis; coñecimentos eruditos vitalizados pola finalidade e meios intelectuais e estéticos para incidir, polas vías máis sinxelas, nos fins a que estaban encañados. Eis o que fai de Castelao un alto testemuño racial de rango histórico.

Castelao chegou á súa integración na vida-obra, condicionando o seu xenio vocacional aos fins exactos da mesma. Niste senso quedará como paradigma e catálise perene de toda galeguidade posíbel e como escola de

fidalgúa para xeracións que aínda non naceron. Porque existe unha posible fidalguía do espírito do mesmo modo que existe unha delincuencia intelectual.

INDICE


LIBROS	2
BIPLICACIÓNS	27
PIRELLA	33
Revolución galega	34
Poesía en outros tempos	36
Cronograma	37
NOVELA	41
A realidade de fondo	42
A técnica	43
Os temas	44
Xunto ao lector	45
TEATRO	46
Teatro próximo	47
ENSAYO	48
Cuestións de fondo	49

ÍNDICE

	<u>Páxs.</u>
LIMIAR	5
BIBLIOGRAFÍA	15
POESÍA	17
Romances galegos	19
Poema en catro tempos	25
Cancioneiro	31
NARRATIVA	35
A escadeira de Jacob	37
A Esmorga	43
Os biosbardos	59
Xente ao lonxe	67
TEATRO	75
Teatro prá xente	77
ENSAIO	85
Castelao escritor	87

Rematouse de imprimir
no obradoiro de
"Artes Gráficas Galicia, S.A."
na rúa Segovia, 19, de Vigo,
o día 16 de maio do 1993
vispera do
"DIA DAS LETRAS GALEGAS".

2	LIBRAR
12	BIBLIOGRAFÍA
17	POESÍA
19	Relatos galegos
23	Temas de curso
31	Comentarios
33	NARRATIVA
37	A realidade de Galicia
43	A Europa
50	Os nosos libros
55	Contos de Galicia
73	TEATRO
77	Teatro para todos
83	ENSALO
87	Cartas de Galicia





REAL
G
A C

32

Bib

liote

78

CORU

SALEGA

ACAD

ancisco Fernández del Riego



EDUARDO BLANCO-AMOR